



SESION ORDINARIA DE 27 DE OUTUBRO DE 2020

(Acta número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinde e sete de outubro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz.

Antes de dar comezo á sesión, intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Antes de iniciar o Pleno, quero desculpar a ausencia do compañeiro Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular D. Agustín Baamonde Díaz que, por cousas do Covid, e aínda que el dá negativo, ten que estar confinado polo que non pode estar aquí acompañándonos. Por tanto desculpámolo, e desexámoslle que se atope ben”.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de setembro de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO, EN CALIDADE DE SOCIA FUNDADORA, Á RED DE CIUDADES Y TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA: INNOVACIÓN COLABORATIVA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo de data 28 de agosto de 2020, no que se sinalan, entra outros aspectos:



(...)“3.-Entre os obxectivos fixados nos estatutos da Asociación está, entre outros, promover plans estratéxicos de recomendación ás cidades, provincias e comunidades autónomas e territorios de España, para impulsar a súa transformación en Cidades e Territorios Innovadores e Creativos; elaboración de publicacións científicas que se poidan derivar da implementación de ditos Plans Estratéxicos ou desenvolver indicadores e impulsar a súa aplicación para a medición da creatividade e innovación dos territorios.

4.-A asociación tamén busca, segundo se sinala nos seus estatutos, impulsar todos os sectores da economía, a partir da transversalidade e valor engadido da cultura e da transversalidade e conectividade da tecnoloxía, como ferramenta para unha innovación social e colaborativa. Para isto busca desenvolver unha clasificación propio do Sector Creativo que serva como campo de acción que inclúa non só os sectores máis tradicionais da Cultura (Artes Plásticas e Escénicas; Patrimonio ou Artesanía) e as Industrias Culturais (Edición e Audiovisual), senón tamén, as Industrias Creativas (Deseño, Animación, Videoxogos, Software e Servizos Creativos de Publicidade, Arquitectura, I+D e de Consultorías e Asesorías de Xestión Cultural), e os que van chamar, Sectores Transformadores da Economía Creativa (Educación, Turismo Cultural e Creativo, Deporte e Innovación).

5.-Segundo se determina no artigo 4 do Estatutos da Asociación, esta terá como fin, entre outros,

-Impulsar a internacionalización da cultura española e favorecer a cohesión social.

-Incrementar a capacidade de xerar emprego, potenciando o emprendemento tecnolóxico e innovador, cultura e creativo, a formación, a profesionaliación e o traballo en rede empresarial.

-Entender a Economía Verde como parte da Economía Creativa, ao considerar a variable medioambiental como alicerce básico na desenvolvemento sostible, e incluída na multidimensionalidade da Economía Creativa.

-Potenciar o Turismo Cultural e Creativo en España, transmitindo unha imaxe dinámica, moderna, innovadora e emocionalmente positiva do noso país, capaz de atraer novas inversión, de reter o talento e de atraer novos talentos.

-Fomentar o uso das TIC por parte dos cidadáns, empresas e os propios entes locais, que permita facer unha cidade e un pobo máis innovadores e creativos, máis eficientes e interactivos.

-Repensar a administración local e autonómica, a súa flexibilización e desburocratización. Establecendo un diálogo activo coa sociedade civil e impulsando o uso continuado das TICs.

6.-No artigo 25 sinálanse que poderán ser socios de mesma “aquelas entidades públicas ou os seus entes instrumentais que promovan mediante un plan estratéxico, plans sectoriais, plans directores similares ou liñas de actuación que favorezan a innovación, a creatividade e as TIC para o fomento de Cidades e Territorios Creativos.”

7.- No artigo 28 dos Estatutos da “Red de Ciudades y Territorios Creativos de España” sinálanse os dereitos dos socios membros da rede, entre os que se atopa

- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios ca Asociación poida obter.
- Participar nas asembleas con voz e voto
- Ser electores e elixibles para os cargos políticos.
- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- Facer suxerencias aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

-Separarse voluntariamente da Asociación en calquera tempo, sen prexuízo dos compromisos adquiridos pendentes de cumprimento.

-A ser informado sobre a composición dos órganos de goberno e representación, do estado de contas da Asociación e o desenvolvemento da súa actividade.

-A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.

8.-No artigo 29 dos Estatutos da “Red de Ciudades y Territorios Creativos de España”, sinálase as obrigas dos socios membros da rede, entre as que se atopa:

-Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

-Aboar as cotas, e no caso de que existan e se determinen, así como as derramas ou outras achegas que poidan xurdir corresponder aos socios con arranxo aos Estatutos.

-Asistir a Asembleas e demais actos que se organicen.

-Aceptar as obrigas inherentes ao cargo que, no seu caso, ocupen.

-Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas. “(...)”



Vista a solicitude de Dona Belén Elisa Díaz Pérez, Directora da Red de Ciudades y Territorios Creativos de España para a aprobación dos estatutos da entidade polo órgano competente.

Vistos os estatutos da Rede e as actas que acompañan a este expediente.

Vista a certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020, no que se aprobou a acta fundacional e o manifesto de creación da Rede.

Visto o informe complementario do Servizo de Turismo de data 28 de setembro de 2020 no que se informa, entre outros aspectos, da cota anual correspondente ás Deputacións, que actualmente ascende a 2.000 euros.

Visto o informe da Secretaría Xeral Adxunta no que se recolle:

“Remitida polo Servizo de Turismo documentación relativa á proposta de adhesión da Deputación provincial de Lugo á REDE DE CIUDADES Y TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA: INNOVACIÓN COLABORATIVA, coa finalidade de que emita preceptivo informe de acordo co previsto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procede á vista dos antecedentes obrantes no expediente de referencia a emisión do seguinte informe:

I.- ANTECEDENTES

1º.- Informe do Servizo de Turismo de data 28 de agosto de 2020, no que se sinalan, entre outros aspectos:

(...)“3.-Entre os obxectivos fixados nos estatutos da Asociación está, entre outros, promover plans estratéxicos de recomendación ás cidades, provincias e comunidades autónomas e territorios de España, para impulsar a súa transformación en Cidades e Territorios Innovadores e Creativos; elaboración de publicacións científicas que se poidan derivar da implementación de ditos Plans Estratéxicos ou desenvolver indicadores e impulsar a súa aplicación para a medición da creatividade e innovación dos territorios.

4.-A asociación tamén busca, segundo se sinala nos seus estatutos, impulsar todos os sectores da economía, a partir da transversalidade e valor engadido da cultura e da transversalidade e conectividade da tecnoloxía, como ferramenta para unha innovación social e colaborativa. Para isto busca desenvolver unha clasificación propia do Sector Creativo que sirva

como campo de acción que inclúa non só os sectores máis tradicionais da Cultura (Artes Plásticas e Escénicas; Patrimonio ou Artesanía) e as Industrias Culturais (Edición e Audiovisual), senón tamén, as Industrias Creativas (Diseño, Animación, Videoxogos, Software e Servizos Creativos de Publicidade, Arquitectura, I+D e de Consultorías e Asesorías de Xestión Cultural), e os que van chamar, Sectores Transformadores da Economía Creativa (Educación, Turismo Cultural e Creativo, Deporte e Innovación).

5.-Segundo se determina no artigo 4 dos Estatutos da Asociación, esta terá como fin, entre outros:

- Impulsar a internacionalización da cultura española e favorecer a cohesión social.

- Incrementar a capacidade de xerar emprego, potenciando o emprendemento tecnolóxico e innovador, cultura e creativo, a formación, a profesionaliación e o traballo en rede empresarial.

- Entender a Economía Verde como parte da Economía Creativa, ao considerar a variable medioambiental como alicerce básico na desenvolvemento sostible, e incluída na multidimensionalidade da Economía Creativa.

- Potenciar o Turismo Cultural e Creativo en España, transmitindo unha imaxe dinámica, moderna, innovadora e emocionalmente positiva do noso país, capaz de atraer novas inversión, de reter o talento e de atraer novos talentos.

- Fomentar o uso das TIC por parte dos cidadáns, empresas e os propios entes locais, que permita facer unha cidade e un pobo máis innovadores e creativos, máis eficientes e interactivos.

- Repensar a administración local e autonómica, a súa flexibilización e desburocratización, establecendo un diálogo activo coa sociedade civil e impulsando o uso continuado das TICs.

6.-No artigo 25 sinálanse que poderán ser socios de mesma “aquelas entidades públicas ou os seus entes instrumentais que promovan mediante un plan estratéxico, plans sectoriais, plans directores similares ou liñas de actuación que favorezan a innovación, a creatividade e as TIC para o fomento de Cidades e Territorios Creativos.”

7.- No artigo 28 dos Estatutos da “Red de Ciudades y Territorios Creativos de España” sinálanse os dereitos dos socios membros da rede, entre os que se atopa:

- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

- Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios ca Asociación poida obter.

- Participar nas asembleas con voz e voto

- Ser electores e elixibles para os cargos políticos.

- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.



-Facer suxerencias aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

-Separarse voluntariamente da Asociación en calquera tempo, sen prexuízo dos compromiso adquiridos pendentes de cumprimento.

-A ser informado sobre a composición dos órganos de goberno e representación, do estado de contas da Asociación e o desenvolvemento da súa actividade.

-A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

8.-No artigo 29 dos Estatutos da “Red de Ciudades y Territorios Creativos de España”, sinálase as obrigas dos socios membros da rede, entre as que se atopa:

-Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

-Aboar as cotas, e no caso de que existan e se determinen, así como as derramas ou outras achegar que poidan xurdir corresponder aos socios con arranxo aos Estatutos.

- Asistir a Asambleas e demais actos que se organicen.

-Aceptar as obrigas inherentes ao cargo que, no seu caso, ocupen.

-Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.

“(…)”

2º.- Solicitud de Dona Belén Elisa Díaz Pérez, Directora da Red de Ciudades y Territorios Creativos de España para a aprobación dos estatutos da entidade polo órgano competente.

3º.- Estatutos da Rede e as actas que acompañan a este expediente.

4º.- Certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020 no que se aprobou a acta fundacional e o manifesto de creación da Rede.

5º.-Informe complementario do Servizo de Turismo de data 28 de setembro de 2020 no que se informa, entre outros aspectos, da cota anual correspondente ás Deputacións, que actualmente ascende a 2.000 euros.

6º.- Informe da Secretaría Xeral Adxunta, de data 16 de outubro de 2020.

7º.- Informe de Fiscalización limitada previa, con resultado de conformidade.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

Carta Europea de la Autonomía Local

Constitución Española de 6 de diciembre de 1978, en adelante CE

Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora del Derecho de Asociación

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, en adelante LRBRL.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en adelante LALG.

Lei 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, en adelante LRSAL.

Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL.

Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- En canto ao contido do presente informe, de conformidade co artigo 3.4 do Real Decreto 128/2018 "la emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente", polo cal é precisa a nota de conformidade da Secretaria da Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDA.- As entidades locais teñen a posibilidade de asociarse para o cumprimento dos fins propios da súa competencia, o que é unha manifestación do principio de autonomía local do artigo 137 e 140 da CE, e ven recoñecido no artigo 10 da Carta Europea de la Autonomía Local, fonte de dereito interno conforme ao art. 96 da CE e, en coherencia coa mesma, a disposición adicional 5ª da LRBRL que sinala:

“1. Las entidades locales pueden constituir asociaciones, de ámbito estatal o autonómico, para la protección y promoción de sus intereses comunes, a las que se les aplicará su normativa específica y, en lo no previsto en él, la legislación del Estado en materia de asociaciones.

Las asociaciones de entidades locales se regirán por sus estatutos, aprobados por los representantes de las entidades asociadas, los cuales deberán garantizar la participación de sus miembros en las tareas asociativas y la representatividad de sus órganos de gobierno. Asimismo, se señalará en los estatutos la periodicidad con la que hayan de celebrarse las Asambleas



Generales Ordinarias, en caso de que dicha periodicidad sea superior a la prevista, con carácter general, en el artículo 11.3 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.

Dichas asociaciones, en el ámbito propio de sus funciones, podrán celebrar convenios con las distintas Administraciones Públicas. Asimismo, de conformidad con lo establecido en el artículo 12.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, podrán actuar como entidades colaboradoras de la Administración en la gestión de las subvenciones de la que puedan ser beneficiarias las Entidades Locales y sus organismos dependientes”.

TERCEIRA.- O art. 36 da LRBRL establece que:

“1. Son competencias propias de la Diputación o entidad equivalente las que le atribuyan en este concepto las leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública y, en todo caso, las siguientes:

.....

La prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal y, en su caso, supracomarcal y el fomento o, en su caso, coordinación de la prestación unificada de servicios de los municipios de su respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá la prestación de los servicios de tratamiento de residuos en los municipios de menos de 5.000 habitantes, y de prevención y extinción de incendios en los de menos de 20.000 habitantes, cuando éstos no procedan a su prestación.

La cooperación en el fomento del desarrollo económico y social y en la planificación en el territorio provincial, de acuerdo con las competencias de las demás Administraciones Públicas en este ámbito.

.....”

Polo exposto e, de conformidade cos artigos transcritos, a competencia da Deputación provincial de Lugo en materia de “turismo” queda garantida si a Lei estatal ou autonómica a define.

Dita competencia provincial atopa amparo legal no disposto no art. 5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en aplicación da disposición transitoria segunda da LRBRL, que sinala que “hasta tanto la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas que se dicte de conformidad con lo establecido en los artículos [...] 36 [...], no disponga otra cosa, los Municipios, las Provincias y las Islas conservarán las competencias que les atribuye la legislación sectorial vigente en la fecha de entrada en vigor de esta Ley”.

Polo exposto, podemos entender que a Deputación Provincial de Lugo conserva as competencias atribuídas pola lexislación sectorial vixente na data da entrada en vigor da nova redacción do art. 36, entre outras, a referida Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que no artigo 7 recolle as seguintes competencias das entidades locais supramunicipais:

“Corresponden a las entidades locales supramunicipales, sin perjuicio de las competencias establecidas por la legislación de régimen local, las siguientes atribuciones:

La promoción de los recursos turísticos y geodestinos, según la definición contemplada en el artículo 23.1, que se determinen dentro de su ámbito territorial, en coordinación con todos los entes locales afectados y la Administración autonómica.

El asesoramiento y apoyo técnico a los entes locales de su ámbito territorial en cualquier aspecto que mejore su competitividad turística.

La articulación, coordinación y fomento de las estrategias de promoción derivadas del ámbito privado del sector turístico.

La contribución, a instancia de la Administración autonómica, a la formulación de los instrumentos de planificación turística. 2. Las entidades locales supramunicipales ejercerán sus competencias turísticas en coordinación con la consejería”

Por outra banda, a Lei 5/2014, do 27 de maio, interpreta no seu artigo 3.3 a) que non se entende como exercicio de competencias novas, distintas das propias, a continuidade na prestación de servizos xa establecidos e neste sendo está acreditado que a deputación provincial de Lugo desenvolve a labor de promoción turística dende hai moitos anos, polo que nada habería que obxectar a que esta actividade a través da referida Rede.



CUARTA.- Sobre o contido dos Estatutos, existen informes do Servizo de Turismo, de datas 28 de agosto de 2020 e 28 de setembro de 2020, que se suscriben na súa totalidade.

5.- No relativo á competencia para adoptar o presente acordo, corresponde ésta ao Pleno, de conformidade co disposto no artigo 33.1.ñ da LRBRL, que dispón que “corresponden ao Pleno as seguintes atribucións:

“[...]

ñ) Aquellas atribucións que deban corresponder al Pleno por exigir su aprobación una mayoría especial.”

En relación co art. 47 da LRBRL que dispón que “requirirá o voto favorable da mayoría absoluta do número legal de membros das corporacións a:

g) Creación, modificación o disolución de mancomunidades u outras organizacións asociativas, así como la adhesión a las mismas y la aprobación y modificación de sus estatutos.”

IV.- CONCLUSIÓN

Infórmase FAVORABLEMENTE a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo, en calidade de socia fundadora, á Red de Ciudades y Territorios Creativos de España: innovación colaborativa.

2.- Aceptar as normas de funcionamento e organización desta rede recollidas nos seus estatutos.

É canto procede informar.”

Visto o informe de Fiscalización limitada previa, con resultado de conformidade.

A Deputada- Delegada que subscribe, propón:

1º.- Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo, en calidade de socia fundadora, á Red de Ciudades y Territorios Creativos de España: innovación colaborativa.

2º.- Aceptar as normas de funcionamento e organización desta rede recollidas nos seus estatutos.

3º.- Aprobar a aportación económica anual fixada para as Deputacións pertencentes á “Red de Ciudades y Territorios Creativos de España: innovación colaborativa”.

4º.- Designar como representante da Deputación de Lugo ante a Red de Ciudades y Territorios Creativos de España: innovación colaborativa ao Presidente da Deputación ou á persoa en quen delegue.

5º.- Notificar o acordo do Pleno á Red de Ciudades y Territorios Creativos de España: innovación colaborativa”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Informada a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo de 2019 pola Comisión Especial de Contas o día 4 de setembro de 2020 e permanecendo exposta ao público na Secretaría Xeral, por espazo de quince días, e oito máis, e cuxo anuncio de exposición se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 208, de data 10 de setembro de 2020, e que transcorrido o mencionado prazo, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á mesma (segundo certificación que se acompaña no expediente), esta Presidencia propón:

1.- Que sexa informada pola Comisión Especial de Contas a Conta Xeral de 2019, integrada pola da Excma. Deputación Provincial de Lugo e a da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (balance, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e memoria). Acompáñase a Conta Xeral de 2019 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento que figura pendente de aprobar polo Pleno do consorcio. Unha vez informada, someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede, **(Pleno da Deputación como socio único de Suplusa)** e remisión ó Consello de Contas.

2.- Aprobar a distribución de resultados da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo seguinte:

BASES DE REPARTO	Exercicio	Exercicio
Saldo da conta de perdas e ganancias	-5.578.033,65	1.635.837,19
Remanente	0,00	0,00
Reservas voluntarias	0,00	0,00
Outras reservas de libre disposición	0,00	0,00
TOTAL	-5.578.033,65	1.635.837,19

APLICACIÓN	Exercicio	Exercicio
A Reserva legal	0,00	0,00
A Reservas especiales	0,00	0,00
A Reservas voluntarias	0,00	1.635.837,19
A Resultados negativos de exercicios anteriores	-5.578.033,65	0,00

A Dividendos	0,00	0,00
A Compensación de perdas de exercicios anteriores	0,00	0,00
TOTAL	-5.578.033,65	1.635.837,19

Sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Óscar Poy Franco, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A Conta Xeral da Deputación de Lugo e de Suplusa correspondente ó ano 2019 é un documento que os membros desta Corporación xa coñecen, que tiveron a oportunidade de consultar e de estudar; e ó que non se presentaron reclamacións, reparos nin observacións durante a súa exposición pública.

Lémbrolles que a conta xeral foi informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas o pasado día 4 de setembro, e permaneceu exposta ó público na Secretaría Xeral por espazo de quince días máis oito; o anuncio de exposición publicouse no Boletín Oficial da Provincial do día 10 de setembro, e transcorrido o mencionado prazo, como xa dixen, non se formularon reclamacións, reparos, nin observacións á mesma segundo se pode comprobar na certificación emitida para o Pleno e anexada a este expediente.

A conta xeral foi informada novamente pola Comisión Especial de Contas o pasado xoves 22 de outubro e, unha vez aprobada en Pleno, será remitida ó Tribunal de Contas co que concluirá o proceso de tramitación da mesma.

Tal e como expón o Servizo de Intervención no seu informe á Conta Xeral nesta anualidade con motivo da pandemia, e segundo o comunicado da Intervención Xeral da Administración do Estado, que xa foi transcrito no informe da propia Intervención desta Deputación o día 13 de



agosto, os prazos relativos a este documento foron suspendidos durante o estado de alarma decretado entre marzo e xuño, e levantados trala finalización do mesmo, de xeito que os prazos quedan da seguinte maneira: ata o día 8 de xaneiro do 2021 para a aprobación do Pleno e ata o 22 de xaneiro para a rendición ó Consello de Contas. Desta forma, aprobando hoxe día 27 de outubro a Conta Xeral no Pleno a Deputación de Lugo cumpre amplamente con estes prazos.

E por esta intervención só indicarlles que é unha foto fixa da situación contable da Deputación de Lugo a data 31 de decembro de 2019”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A aprobación da Conta simplemente é un acto administrativo obrigado, nós imos absternos; pero o que si dicimos é que a nosa abstención non se tome coma un estar de acordo coa xestión administrativa e económica do Goberno da Deputación porque xa o dixemos reiteradamente. Ademáis neste informe novamente se incumpre a regra de gasto e de estabilidade, coma outros anos.

Pero o certo é que isto hai que envíalo nos prazos que marca a Lei, e simplemente darlle a noraboa ó traballo do Servizo de Intervención por presentala en tempo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Indicar que neste momento precisamente non é cando se debe falar do cumprimento da estabilidade nin da regra de gasto, do cumprimento do PEF que temos aprobado. Como vostedes saben no seu momento, cando se aprobou o PEF, foi precisamente por algo conxuntural, e dende logo agora vemos como o Goberno Central flexibiliza precisamente o cumprimento tanto da regra de gasto coma da estabilidade orzamentaria para facer mellor fronte por parte das administracións públicas ós problemas derivados desta crise sanitaria.

E por outra banda, que o cumprimento do PEF se fará unha vez pechado o exercicio que estamos agora rematando, o cumprimento ten que facerse a finais de 2020; e por outra parte este Goberno xa adoptou medidas, como vostedes saben tamén, noutro Pleno decretando a non dispoñibilidade de determinados créditos.

Non obstante, como dicía, este é un trámite administrativo, e simplemente é a foto fixa do estado contable a 31 de decembro de 2019”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente unha pequena réplica. Evidentemente o Goberno do Estado vai flexibilizar a regra de gasto, grazas precisamente ó traballo do Partido Popular que pediu innumerables veces esa situación. Tamén llelo dicimos, non se despisten porque se coa regra de gasto estaban incumprindo e se gastaba máis do que se podía facer, evidentemente contrólense e teñan un pouco de rigor á hora de levar as contas provinciais.

E claro que se fixo un Plan Económico Financeiro, e iso levou a levar partidas de gasto non dispoñible, creo que eran cerca de un millón de euros que están aí e non se puideron gastar para que tódolos lucenses o puidesen disfrutar, simplemente pola mala xestión deste Goberno.

Polo tanto que quede isto aí, e dende logo esperemos que cambien as cousas neste sentido”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“A verdade é que me sorprende que vostede, que ademáis foi Alcalde, veña agora co que nos acaba de dicir; cando foi o Partido Popular o que nos creou precisamente este problema que é establecer tabla rasa para que tódalas Administracións, con independencia de que tiveran as súas contas saneadas ou non, puideran facer investimentos para mellorar a calidade de vida dos seus veciños para poder facer infraestruturas, para poder ter maiores dotacións públicas.



E polo que se refire á nosa xestión, déixeme indicarlle que, como vostede sabe, os parámetros que se utilizan precisamente para calcular tanto a regra de gasto como a estabilidade orzamentaria, non teñen en conta os gastos financeiros e precisamente derivado de operacións de crédito que se fixeron para mellorar unha boa parte da rede de estradas provincial, de aí foi ese desaxuste, e non dunha mala xestión. Entendemos que é necesario endebedarse para mellorar as infraestruturas, mellorar as dotacións públicas, e en definitiva mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, que é para o que estamos aquí todos e cadaún de nós”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEMANDA DUN PULO SIGNIFICATIVO A AUTOVÍA A-56, LUGO-OURENSE POR PARTE DO GOBERNO NOS VINDEIROS ORZAMENTOS DO ESTADO.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en demanda dun pulo significativo a Autovía A-56, Lugo-Ourense por parte do Goberno nos vindeiros orzamentos do Estado.

Exposición de Motivos:

Todas e todos somos conscientes da dilatada historia que hai tras da autovía Lugo-Ourense, xa que o inicio do seu proxecto e tramitación vai camiño dos 20 anos a pesar dos diferentes gobernos que se deron no Estado. E debemos, asemade, ser conscientes do que significa para as nosas veciñas e veciños ter que transitar na actualidade pola obsoleta N-540.

Non hai moito nun medio de comunicación podíaase ler: *“Moita paciencia teñen que ter os condutores que utilizan a N-540 para circular entre Lugo e Ourense. Son 90 minutos cheos de curvas, cambios de limitacións de velocidade, zonas de fochancas, retardacións da marcha polo tránsito de vehículos agrícolas e entradas e saídas desde numerosas estradas”*. Díciase isto falando dunha estrada cuns 250.000 potenciais usuarios directos e unhas 3.500 viaxes diarias en días laborables segundo a Xunta de Galiza. Esta situación está a desviar tránsitos polo corredor Sarria – Monforte e está a dificultar seriamente a competitividade empresarial das provincias de Lugo e Ourense.

A día de hoxe so está construído un tramo desta vía de comunicación que está chamada a ser un auténtico eixo vertebrador do interior do noso país, e do resto de tramos non hai rastro material. Sendo ademais ese tramo o que menos cumpre coa función vertebradora, xa que máis ben é unha nova vía de escape cara a costa.

Nos últimos tempos falouse dende o Ministerio correspondente de priorizar os tramos da provincia de Ourense fronte os da de Lugo. A pesares de ser máis caros, máis complicados e incidir en menor medida nos tempos de desprazamento. Sen embargo pouco se fala do intercambiador que unirá a A-54 coa N-540 e que permitirá aos condutores evitar o paso polas curvas de Guntín, mellorando en seguridade e tempos de desprazamento.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Solicitar ao goberno do estado que se priorice a autovía A-56 nos próximos orzamentos do estado con vistas a acurtar os seus prazos de execución.



2. Solicitar ao goberno do estado que se licite no 2021 a obra do tramo que se corresponde co intercambiador que unirá a A-54 coa N-540”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formalada, dous novos puntos, números 3 e 4 co seguinte texto:

3. Solicitar ao goberno do Estado que dote, para a súa licitación, cunha partida orzamentaria para o ano 2021 a obra correspondente ao primeiro treito da Autovía A-74 de A Mariña “Foz-Barreiros” e que se respecte a planificación orzamentaria que xa tiña establecida o goberno do Partido Popular en anteriores orzamentos para os restantes treitos da dita Autovía para seguir avanzando na tramitación dos correspondientes expedientes.
4. Instar ao goberno do Estado para que axilice os trámites necesarios para a execución das obras da Autovía A-54 Lugo-Santiago correspondentes aos 28 quilómetros que faltan para a súa completa posta en funcionamento”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Quería comenzar, desviándome un segundo do tema, para mandar un saúdo e solidariedade ás traballadoras e traballadores de Alcoa e das filiais que este sábado estiveron manifestándose aquí e pedindo solucións dunha vez para a planta de Alcoa, e que se interveña e se poña punto e final xa a tantos meses de sufrimento; estiveron aquí o sábado e o noso Grupo queremos mandarlles esa solidariedade e sumarnos a esa esixencia de que os gobernos lles dean unha pronta solución a un conflito que xa dura demasiado.

Indo xa á proposta de Goberno, como vén di o título pedindo un pulo significativo á Autovía A-56, Lugo-Ourense; a ningún que sexa desta provincia ou da zona sur se lle escapa a importancia que ten para tódolos que viven alí. Van xa case que vinte anos con diferentes gobernos no Estado, e seguen tendo que transitar os veciños daquela zona pola N-540.

É unha vía que está nunha situación que a propia prensa describía dicindo: *Moita paciencia teñen que ter os condutores que utilizan a N-540 para circular entre Lugo e Ourense. Son 90 minutos cheos de curvas, cambios de limitacións de velocidade, zonas de fochancas, retardacións da marcha polo tránsito de vehículos agrícolas e entradas e saídas desde numerosas estradas*".

Dicía isto a prensa porque esta vía ten uns 250.000 usuarios e 3.500 viaxes diarias, e polo tanto cremos que o tránsito está máis que xustificado para ese investimento, a día de hoxe só está construído un tramo de vía, e esta vía está chamada a vertebrar o sur da provincia.

Polo tanto nós o que pedimos, porque saíron noticias de que se ía priorizar dalgún xeito o tramo desta Autovía que transita pola provincia de Ourense, e o que queremos é que a de Lugo, que tamén é moi importante, incluso sería máis barata de executar, que non se deixe atrás, e solicitamos ó Goberno do Estado que se priorice a autovía A-56 nos próximos orzamentos do estado con vistas a acurtar os seus prazos de execución. E solicitar tamén ó Goberno do estado que se licite no 2021 a obra do tramo que se corresponde co intercambiador que unirá a A-54 coa N-540".

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Esta proposta para o Grupo Provincial do Partido Popular, non o vai negar, é unha proposta que aporta moitas máis dúbidas e inquiredanzas sobre o compromiso que ten o Goberno do Estado sobre as autovías da provincia de Lugo.

En primeiro lugar apórtanos máis dúbida porque o Goberno do Estado leva dous anos sen ter orzamentos, dous anos sen consignarlle ningunha partida precisamente para estas obras, e única e exclusivamente executando o que deixou feito o Partido Popular; en dous anos que levan de goberno nada de nada, porque nada teñen de orzamentos.

En segundo lugar, o Ministro Ábalos hai practicamente un mes avanzou que ían sacar unha lei de mobilidade sostible na que, en palabras textuais, dixo que se ían priorizar as inversións que



realmente sexan produtivas; a verdade é que iso nos dá bastante medo, sabendo que estamos nunha provincia eminentemente rural iso de xustificar a produtividade para as inversións a verdade é que plantexa bastantes dúbidas máis das que xa tiñamos deste goberno.

En terceiro lugar, en abril deste ano, hai uns meses, o Partido Popular no Senado, coa Senadora Rosa Arza, co Senador José Manuel Barreiro e con Manuel Varela, todos eles lucenses, realizaron varias preguntas respecto ás tres autovías, non só á A-56, senón á A-56 Lugo-Ourense, e á A-54 Lugo-Santiago, incluído tamén o intercambiador, do que non oín falar moito, e a A-74 Autovía da Mariña. E o grave é que nin se falou de datas nas contestacións nin de compromisos, o cal nos preocupa bastante.

En cuarto lugar, agora veñen vostedes, ademáis coa complicidade do BNG, para presentar unha proposta que non trae precisamente as tres autovías senón que trae só a A-56, nós queríamos que incluisen a A-54 e a A-74 nesta proposta, sobre todo porque estamos en época de elaborar orzamentos e se pode malentender esta moción; igual o Sr. Ábalos, señores do Partido Socialista, lles deu un bombón envelenado, “tomen vostedes a A-56 pero esquezan a A-54 e a A-74”, que é o que vostedes están avanzando a día de hoxe.

A situación da A-56 xa o dixo vostede moi ben, hai un tramo de 8,8 quilómetros entre Lugo e Ourense, concretamente entre A Barrela e San Martiño, o resto, incluído o intercambiador, están en proxecto, pouco máis se fixo que o que deixou posto o Partido Popular no ano 2018.

A A-54 Lugo-Santiago, que é importantísima, está avanzada pero está parada, nos vinte e oito quilómetros centrais practicamente se van vela hai moi pouca actividade, e queremos que se lle dea un pulo, como vostedes din, tamén á A-54.

E a A-74, Barreiros-San Cibrao, está como a deixou o Partido Popular, en información pública o tramo máis avanzado, aínda que está moi avanzado que se podería licitar no ano 2021, e o resto en proxecto.

Como esta moción é moi escasa, imos propoñer unha emenda para que se poñan as tres estradas que entendemos que é fundamental. Esa emenda vai no sentido de que o Grupo Provincial

do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formualda, dous puntos, un punto tres que é solicitar ao goberno do Estado que dote cunha partida orzamentaria suficiente no ano 2021 para a obra correspondente ao primeiro treito da A-74 de A Mariña “Foz-Barreiros” e respecte a planificación orzamentaria que xa tiña establecida o goberno do Partido Popular en anteriores orzamentos para os restantes treitos da dita Autovía para seguir avanzando na tramitación dos correspondientes expedientes. E un punto catro que é instar ao goberno do Estado para que axilice os trámites necesarios para a execución das obras da Autovía A-54 Lugo-Santiago correspondentes aos 28 quilómetros que faltan para a súa completa posta en funcionamento.

Non queremos que pase coma os servizos ferroviarios, que despois todos son desculpas polo Covid; non queremos que pase como pasou co AVE, con retrasos innumerables e inxustificadas, primeiro a inauguración dese tramo ía ser a finais da primavera, así o dixo o Ministro Ábalos, agora parece ser que vai ser a finais de ano, benvido sexa, pero sobre todo que sexan formais e especialmente que se cumpra esta petición, porque cremos que non se poden deixar atrás nin a A-54 nin a A-74 Autovía da Mariña “Barreiros-San Cibrao”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Ocupemos o lugar que ocupemos, ben sexa no goberno ou ben sexa na oposición, creo que queda patente que os socialistas de Lugo sempre nos posicionamos dentro da coherencia das propostas que se fan, e moito máis con aquelas que teñen que ver coas infraestruturas que contribúan ó desenvolvemento da nosa provincia. Fixémolo sempre e creo que agora non podemos deixar de facelo, goberne quen goberne nos estamentos superiores, e isto quero deixalo claro, porque o primeiro son sempre os nosos veciños.

E non sei se todo o mundo que hoxe está aquí pode dicir o mesmo, a min paréceme moi ben o que di o Sr. Castiñeira, pero isto é un exemplo da demagogia que utiliza o Partido Popular en moitas ocasións, a dobre vara de medir. E isto quero argumentarllo, porque dito así poden parecer palabras baleiras, por iso me gusta sempre tratar de argumentalo; e veremos moitos exemplos ó longo deste pleno desta situación que quero poñer enriba da mesa.



Nós fixémolo apoiando a achega do AVE, coa petición da Autoridade Portuaria para a provincia de Lugo, e facémolo agora de novo sumándonos a esta iniciativa de goberno pedíndolle ó Goberno do Estado, un goberno progresista, que priorice a A-56 que une Lugo con Ourense, e incluso o intercambiador da A-54 para os orzamentos do próximo ano.

A ninguén se lle escapa, como xa dicía o compañeiro do BNG, o papel que xogan esas infraestruturas como canle de comunicación coa Meseta pero tamén para a nosa provincia, e máis nos tempos que corren á hora de fomentar a mobilidade de persoas e a competitividade do tecido produtivo.

Esta proposta ten un dobre sentido, por un lado ten tamén un carácter de recordarlle ó Goberno do Estado ver que para os socialistas, por riba de ideoloxías ou de certos intereses partidistas, está a defensa a ultranza da nosa provincia. Pero tamén, por outra banda, recoñecer que ó final foi o actual goberno socialista en Madrid o que puxo de novo en marcha estas e moitas outras obras.

E non me gusta moitas veces entrar no debate de “y tu más”, porque ó final a xente o que nos está demandando son solucións, pero creo que convén neste caso explicar cales son os antecedentes, porque a historia desta actuación, entre outras moitas, en infraestruturas, ten un prólogo que escribiu o Partido Popular, máis ben un prólogo baleiro, un prólogo no que ó final non escribiu nada.

Porque parece que ás veces padecen de amnesia selectiva, a A-56 estivo parada nada máis e nada menos que preto dunha década, e se revisan os papeis prodúcese unha estraña coincidencia, ou non sei se tan estraña, pero ese período coincide co mandato amigo e galego do señor Feijóo e da Ministra Ana Pastor, e nin o Grupo Provincial nin o Parlamento Galego pediron durante todo ese período nin unha soa proposta para poñer en marcha esta autovía. A mín paréceme ben que agora o Sr Barreiro e unha Deputada do Partido Popular se acorden, pero é demasiado tarde, que casualidade que agora se acorden desa circunstancia!. Ten que chegar un goberno progresista para reactivar unha obra que beneficia non só á provincia de Lugo senón tamén á provincia de Ourense, dúas provincias que pola súa orografía precisan melloras no trazado das vías que comunican para non estar illadas.

E por moito que digan, por moito que reneguen, por moito que traten de despistar agora, por moito que se olviden selectivamente, a realidade é a que é, e o pasado mes de setembro, cun goberno progresista en Madrid, é cando comezan a circular os primeiros vehículos pola A-56 entre o municipio lucense de Carballedo e o ourensán de Vilamarín, un total de 8,9 quilómetros que custaron cerca de 55 millóns de euros. E para que quede claro, en canto a estas obras xa hai un avance nesa mesma presentación do propio Ministro Ábalos, ó cal se fixo referencia, de que van continuar.

Ademáis á marcha destas obras tamén hai que sumar outras moitas, facía vostede mención á A-54, presenta unha emenda, pero a A-54 que é a que une Lugo con Santiago camiñou a carón dos intereses electorais do Partido Popular, recórdolle que quedaron paralizadas no 2011, vólvense reactivar no 2014, como digo, vaia casualidade!, en anos electorais ou preelectorais, e volveron quedar paralizadas, ata que chega o actual goberno e deulle un impulso importante rematando o tramo Labacolla-Arzúa, e está a investir trinta e oito millóns de euros nos tres tramos pendentes co horizonte de rematala no ano 2021. Polo tanto a mín esta emenda a verdade me parece que chega tremendamente tarde, tarde, mal e arrastro.

Así que a todos estes investimentos que vostedes levan facendo dicirlle que en maio de 2020 o Goberno do Estado tiña en marcha na rede viaria galega 21 obras por valor de trescentos trinta e seis coma nove millóns de euros. Ademáis destes traballos na A-56 e na A-54, aos que vostedes fan mención, estas obras tamén inclúen outras obras de reparacións en estradas de carácter nacional por toda a provincia, ou investimentos de preto de dous millóns de euros para adecentar firmes en estradas da rede estatal lucense.

Así que unha vez máis chegan tarde, que é algo característico na súa forma de actuar, tradicionalmente esta inacción tiña un colaborador necesario, que foi o Partido Popular de Lugo, que nin reclamaba obras cando gobernaba o Partido Popular en Madrid nin as reclama agora cando goberna na Xunta de Galicia.

Por tanto desta volta eu, ou moito me equivoco, ou xa sei cal vai ser o sentido do seu voto; e suavizando unha expresión que facía Castelao que ó mellor define bastante o que fixeron durante



este período, que espero e os invito a sumarse a que cambie, e non se equivocaba moito cando dicía que a dereita só concibe unha patria artificial posta ó servizo dos seus intereses”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Quería comezar polo da coherencia que saíu na intervención do Sr. Rivera e do Sr. Castiñeira; é curioso que en febreiro do ano 2018 houbo un movemento no sur da provincia, liderado por algúns Alcaldes, para pedir e reivindicar a construción da A-56, e curiosamente os Alcaldes do Partido Popular naquela época non se sumaron, de feito o titular da prensa é “..o plantón do PP de Lugo desinfla a reivindicación da autovía A-56”. Quizá isto tiña que ver con que naquel momento quen gobernaba en Madrid era o Sr. Rajoy, non o sei, terán vostedes que explicalo, pero é o único que cambiou.

En todo caso nós congratulámonos de que, polo que dixo, agora o Partido Popular de Lugo non quede fóra desa reivindicación, pero si que nos gustaría que o fixera sempre, governe quen governe, porque a provincia de Lugo necesita inversións e necesita que se constrúan esas autovías estea quen estea en Madrid.

Polo tanto nós facemos ese chamamento á coherencia, e agradecemos que o Partido Socialista estea nesta proposta de goberno, e está con toda a forza, ademáis non é que se sumen á proposta nosa senón que é conxunta, incluso cando están gobernando os seus compañeiros en Madrid, porque consideran que hai que defender á provincia governe quen governe.

Con respecto á súa emenda, evidentemente nós estamos completamente a favor de que se axilice a licitación da autovía A-74 da Mariña, para nós está no mesmo nivel cá A-56; pero nós trouxemos a colación esta proposta pola noticia de que se ía priorizar no que ten que ver a A-56 nos tramos da provincia de Ourense; e ademáis na súa emenda nós ata onde di o de “licitación do primeiro treito da A-74” estaríamos completamente a favor, pero o que non podemos compartir é onde din que “se respecte a planificación orzamentaria que xa tiña establecida o goberno do Partido Popular en anteriores orzamentos” porque iso é unha mentira, o Partido Popular o que fixo foi o abandono desta provincia no que ten que ver con esas inversións.

Entonces nós con esa redacción non estaríamos de acordo, e xa o teñen feito máis veces, poñen algún punto que poderíamos compartir pero despois meten unha loubanza dun goberno que foi desastroso para esta provincia e para este país. Polo tanto nós con esa redacción non a podemos aceptar, evidentemente o compromiso deste goberno e do Grupo que eu represento coa A-74 é claro e público, e veu máis veces aquí; pero a nós non nos vale que nos meta unha loubra dun goberno que foi desastroso no medio de reivindicar unha autovía”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Se vostede ten unha proposición mirámola sen ningún problema. Pero tampouco se confunda, señor Castro, facer política non é traer unha máscara aquí de “salvemos Alcoa”, iso está moi ben e todos o apoiamos, pero facer política é no DOGA, é no BOE, que é onde o Partido Popular o fixo sempre.

E con respecto ás infraestruturas da provincia de Lugo, están aí, se vostedes, señores do Partido Socialista, fixeron algo estes dous anos é porque o deixou o Partido Popular nos orzamentos, porque non foron capaces nin de aprobar un só orzamento nestes dous anos. Non fagan demagogia, nós defendemos sempre, antes, despois, e hoxe, e imos seguir defendendo as tres autovías, o que fixemos sempre, recórdeno.

E poden facer como fixo a Xunta de Galicia, que precisamente lle pediu ó Sr. Ministro que lle dea pulo a tódalas estradas de Galicia, pero neste caso tamén ás tres que son da provincia de Lugo e que son moi importantes, que son a A-54, a A-56 que se trae nesta proposta, e a A-74 que é fundamental para A Mariña, precisamente, Sr. Castro, é fundamental para esa fábrica que vostede agora apoia e da que trae a máscara, e que se non se arranxa e se vostedes se negan dende logo estaría facendo moi pouco.

O Sr. Rivera fala de antecedentes, pois cando estaban gobernando vostedes e con respecto a A-8, o Sr. Blanco, precisamente un lucense de aquí, foi aquel que trouxo a autovía A-8 polo Fiouco, miren vostedes os antecedentes do Partido Socialista que autorizou a A-8 polo Fiouco. Por



certo, autovía que pagou o goberno do Partido Popular e que rematou o goberno do Partido Popular.

Por tanto deixense de vender o que lles deixou o Partido Popular e súmense a esta emenda que nós facemos, porque ademáis sería moi desconfiante que só se trouxera a A-56 e se deixara de lado a A-54, porque é moi sinxelo, é tratar de resolver os problemas que ten e seguir a poñerlle partidas neses orzamentos, que parece ser que xa ten arreglados o Partido Socialista con Podemos; e tamén que se fale da autovía A-74, o primeiro tramo de Barreiros-Foz que é fundamental e que xa está para licitar, de feito están as expropiacións tamén avanzadas.

Iso é o que nós pretendemos, ser máis ambiciosos, non se queden só na A-56, nin no intercambiador, que é necesario e o apoiamos, pero dende logo estamos á súa disposición que se quere en dous minutos arreglamos o texto, pero que conste nesta emenda o compromiso do goberno do Estado coa A-54 e tamén coa A-74, ademáis da A-56”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Para rematar a miña intervención, seguindo a súa liña argumental hai que chegar á conclusión de que o pouco que fixo o Partido Popular nos dez anos que gobernou o Sr. Rajoy e a Sra. Ministra, se deben ó traballo feito polo Partido Socialista con José Blanco como Ministro, porque é a mesma teoría que vostede está a utilizar, ou sexa que ese argumento ten moi pouca solidez.

E, por se vostede non o viu, cando se produce a inauguración dese tramo da A-56, sabe cal foi a reacción da Xunta de Galicia?, a pataleta, e queixarse de que non fora invitada, de que era un proxecto que xa tiñan manifestado ó Ministerio o seu grandísimo interese; é dicir, preocúpase agora por algo do que non se leva preocupado nos últimos dez anos, vostedes enmudeceron durante eses últimos dez anos.

De verdade que é unha cuestión que creo que o Partido Popular ten que madurar, saber de que lado ten que estar, e os tempos demandan poñerse do lado daqueles que máis o necesitan, do

lado de infraestruturas que sexan necesarias para vertebrar unha provincia coma Lugo. E sabe a través de quen o fíxo?, pois a través da Conselleira de Infraestruturas, a archicoñecida Ethel Vázquez, que de crítica ós demais sempre anda sobrada, pero de quilómetros de execución na provincia de Lugo, se exceptuamos os territorios de sangue azul, nin un, vai máis ben xustiña.

Entonces, como lle dicía, son dous modelos diferentes, o que vostedes defenden que é ás agochadas cando lles interesa, e o que defendemos nós que é cando a provincia toca, e cando toca un debate deste estilo é do lado no que nos temos que poñer.

Neste sentido a mín paréceme moi ben a emenda, pero vostede é perfectamente coñecedor de que dende que nós chegamos ó goberno moitas destas cuestións se están poñendo en marcha, se redactaron os proxectos porque non había absolutamente nada redactado, e que se van reactivar as actuacións da autovía Lugo-Santiago.

Por tanto a mín paréceme moi ben, pero escribir cartas ós Reis Magos escribíbeas calquera, todos o sabemos, o que pasa é que agora que estamos nestas datas tan sinaladas os Reis Magos saben perfectamente cando un pícaro se porta ben ou se porta mal, e dende logo ós socialistas desta provincia o Partido Popular pódelle vir coas milongas que queira pero non nos vai enganar baixo ningún concepto; porque este ano evidentemente póden dicir que fixeron ou que van facer, pero a realidade é que durante os últimos dez anos pouco se fixo ou non fixo practicamente nada o Partido Popular, e aí están os datos, estamos vendo que quen impulsa a autovía de Lugo a Santiago é o goberno socialista, quen impulsa a A-56 inaugurando o seu primeiro tramo é o goberno socialista; e seguindo nesta liña xa lle digo que se vai traballar na A-74 tamén e na A-54, como moitísimas outras infraestruturas nas que se está a traballar.

E para concluir, dicía a Conselleira que non ter sido invitada a inauguración era un desprezo institucional, a mín o que me parece realmente é que durante dez anos o Partido Popular fixo un auténtico exercicio de escapismo, e non é un desprezo institucional o que lle fixo ós lucenses senón unha auténtica tomadura de pelo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:



“Creo que quedou máis que clara a necesidade de darlle ese pulo á A-56, porque o sur da provincia de Lugo está moi castigado, e toda a provincia. E eu xa lle digo, señor Castiñeira, que nós esta emenda tal e como a redactou non a podemos aceptar, e eu non lle vou emendar unha emenda, así que non sei como o quere solucionar; se fai outra proposta podémola estudar, pero tal e como está para nós non é asumible esa loubanza ós gobernos, ó goberno do Partido Popular que foi un dos que deixou neste atraso á provincia de Lugo.

Polo tanto queremos pedille o apoio a esta proposta, e dicirlle que estamos completamente a favor de que se dea ese pulo á A-74, de feito o noso Grupo pedirá que se inclúa nos orzamentos”.

Seguidamente pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para solicitar un receso co obxecto de poder chegar a un acordo cos voceiros dos Grupo Provinciais no texto da proposta.

O Sr. Presidente acepta a petición do Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, manifestando que concede un receso de dous minutos.

A sesión plenaria queda suspendida ás once horas e corenta e catro minutos, reanudándose de novo ás once horas e corenta e sete minutos.

O Presidente pregúntalle ao Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, se os voceiros chegaron a un acordo no texto da moción.

Por parte do Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, maniféstase que non houbo acordo e polo tanto a proposta quedaría nos termos en que foi presentada.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, cariñosamente llo digo, que pena que teña vostede problemas de memoria, e que esqueza a visita a Cervo, moi cerquiña de Foz, de onde é vostede, do Ministro Soria no ano

2012, que prometeu o ouro e o mouro para Alcoa, incluído o regulamento electrointensivo. Hai por aí un vídeo que circula coas declaracións do Ministro e do Alcalde de Cervo; cal foi o resultado das promesas do Ministro do Partido Popular?, nada de nada. Así que debemos ter memoria uns e os outros, todos, e cando un goberna non fai o mesmo que cando está na oposición. Por tanto iso aféctanos a todos señor Castiñeira”.

Rematado o debate, efectuada a votación da proposta nos termos en que foi presentada, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UNHA INTERLOCUCIÓN DIRECTA CON ALCALDES/AS E PRESIDENTES/AS EN RELACIÓN COS DATOS DA COVID-19.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia unha interlocución directa con Alcaldes/as e Presidentes/as en relación cos datos da Covid-19.

Cando o pasado 5 de setembro, no seu discurso de toma de posesión, o presidente da Xunta reclamou e ofreceu “cooperación” entra as institucións, moitos galegos e galegas entendemos que esas palabras levaban implícito un recoñecemento dos erros cometidos na xestión da pandemia, por parte da Xunta. Ante a aparición de novos casos, que xa apuntaban a unha segunda ola que por desgracia confirmouse, parecía que Feijóo asumía a necesidade de cambiar as estratexias ante a pandemia. Algunha das súas palabras así o apuntaban: “a cooperación, que sempre é necesaria, vólvese imprescindible na actual situación”, foron as súas palabras. E os ceses e cambios en consellerías ou áreas claves como Sanidade, Educación e Política Social parecían anunciar un cambio de actitude.



Desgraciadamente, apenas dous meses despois, os galegos e galegas comprobamos que nada ten cambiado. Que o presidente da Xunta, que multiplicou as súas aparicións televisivas arredor da campaña electoral, non ten agora tempo para aclarar ós galegos e ás galegas que ocorre na pandemia. Que o Feijóo que reclama ó Goberno central que teña en conta ás autonomías é o mesmo Feijóo que segue a desprezar as reclamacións dos concellos, dos alcaldes e alcaldesas responsables do poder local, que contemplan de novo como as canles oficiais de información vense substituídas polas noticias que aparecen nos medios de comunicación.

Como sucedeu na primeira ola da pandemia, como sucedeu cos rebrotes da Mariña o pasado verán, os responsables do poder local, teñen que actuar ante a pandemia cunha información incompleta, e vense obrigados a poñer en funcionamento e velar polo cumprimento de medidas que ninguén lles consultou. Porque a Xunta segue a ignorar a realidade de moitos concellos no que fai a dispoñibilidade de medios – protección civil, policía local ou mesmo voluntarios – ó tempo que se nega a atender o esforzo que a epidemia está a supoñer para as facendas locais.

Galicia foi o 15 de xuño a primeira comunidade en saír do estado de alarma, e vese abocada agora, a finais de outubro, a novas medidas restritivas. Parece que as présas por anunciar a boa nova de xuño tiñan máis que ver cas estratexias electorais do PP que ca excelencia das medidas adoptadas contra a Covid.

A principios de xullo, a aparición de novos brotes na Mariña provocou unha reacción inadmisíble das autoridades da Xunta. O Feijóo presidente que reclamaba competencias a Madrid durante o estado de alarma, deixou paso ó Feijóo candidato que tentaba lavar as mans para manter unha imaxe de campaña impoluta. A solución? Decretar o peche de varios concellos e cargar ós alcaldes/as co cumprimento das medidas, co argumento forzado de que eran “autoridades sanitarias”. En agosto, en plenas vacacións pos-victoria electoral, os brotes da residencia do Incio revelaron que non se tiña mellorado nada na atención ós nosos e ás nosas maiores. E de novo o goberno autonómico, en funcións entón, estivo máis pendente dos relevos e cambios que da saúde dos galegos/as.

Desde setembro, os alcaldes/as galegos/as veñen reclamando á Xunta información real sobre a evolución da pandemia, isto é, datos numéricos por municipio. O alcalde de Vigo e presidente da FEMP rexeitou publicamente o mapa de cores -verde, amarelo, laranxa e vermello – ofrecido pola Xunta, porque non permite ós e ás responsables públicos contar coa información que precisan para deseñar as súas medidas. Como dixo Abel Caballero, ante a pandemia non valen colorines, fan falta números concretos.

O pasado 21 de outubro tivemos unha nova proba do xeito de actuar da Xunta, que leva ós xornais un día as medidas que pensa aprobar no DOG o seguinte. Medidas que, segundo din os propios medios de comunicación, están guiadas polo criterio do comité de expertos que asesora á Xunta. E aínda que saudamos que a administración autonómica actúe cun comité de expertos sanitarios, entendemos que a súa existencia non cubre as estratexias de consulta e comunicación necesarias para loitar contra a pandemia.

A Xunta non pode ignorar de novo a administración local, a que de verdade está a pé de rúa, á que os veciños/as reclaman información, e á que a propia Xunta reclama colaboración no cumprimento das medidas. A mellor colaboración pasa por escoitar ós alcaldes/as galegos/as antes de deseñar as medidas, comunicarlles a eles antes de aprobalas. Porque a Xunta segue a actuar sen ter en conta cousas que xa aprendimos: que as residencias requiren atención específica; que moitos centros de saúde quedan sen médicos se estes teñen que ir visitar ós e ás pacientes ás casas; que as tarefas de desinfección de colexios e outros edificios públicos acadan cifras millonarias que cumpre contemplar... A lista podería alargarse moito.

E cumpre escoitar tamén ós sectores económicos, porque a epidemia e, ademais dunha urxencia sanitaria, un problema socioeconómico. Temos que traballar xuntos para deseñar medidas pensando na súa eficacia real, non no impacto dos titulares. Por poñer un exemplo, pechar a hostalaría pode derivar na celebración de festas privadas, festas privadas que moitos concellos non poden controlar por falta de medios materiais e persoal para facelo. A Xunta non pode seguir a pensar que todo o que escribe nas páxinas do DOG se traslada como por arte de maxia á realidade do territorio.



Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia un cambio na política de loita contra a covid, especialmente no que fai nos seus aspectos informativos e que inclúa, entre outras, as seguintes cuestión

- Unha liña de diálogo e colaboración permanente ca administración local que teña en conta á FEGAMP, xunto cos alcaldes das 7 grandes cidades e os presidentes da Deputación. Dita interlocución ten que ser directa cos alcaldes/as dos municipios máis afectados, para consensuar liñas de actuación efectivas e evitar o efecto de estigma que se causa cada vez que os medios adiantan mapas vermellos ou situacións de especial risco que as e os propios responsables locais non coñecían en detalle e que xeran intranquilidade nos veciños e incerteza no tecido produtivo.
- Informar diariamente, telematicamente, aos concellos que teñan positivos por Covid-19 dos datos que lles afectan de xeito claro e transparente”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Cando o pasado día 5 de setembro, no discurso de toma de posesión do Presidente da Xunta de Galicia reclamaba e ofrecía cooperación entre as diferentes institucións, fomos moitos galegos e galegas os que entendemos, e atévome a dicir que con moi bo criterio, que esas palabras levaban implícito un recoñecemento dos erros cometidos na xestión da pandemia por parte da Xunta.

Ante a aparición de novos casos, que xa apuntaban a unha segunda ola nesas datas, que por desgracia se confirmou e estámolo vendo día a día, parecía que Feijóo asumía a necesidade de cambiar as estratexias ante a pandemia. Algunha das súas palabras así o apuntaban: “cooperación, que sempre é necesaria, vólvese imprescindible na actual situación”, foron, entre outras, as súas frases. Pero os cesamentos e cambios en consellerías ou áreas claves como Sanidade, Educación e Política Social parecían ademáis anunciar un cambio de actitude.

Desgrazadamente, apenas dous meses despois non cumpre, os galegos e galegas comprobamos día a día que nada ten cambiado; que o Presidente da Xunta, que multiplicou as súas aparicións televisivas arredor da campaña electoral, non ten agora tempo para saír e aclarar ós galegos e ás galegas qué está pasando coa pandemia; que o Feijóo que reclamaba ó Goberno central que tivera en conta ás autonomías, e hoxe o mesmo Feijóo é o que segue desprezando as reclamacións dos concellos, dos alcaldes e alcaldesas que son responsables do poder local, que contemplan de novo como as canles oficiais de información se ven substituídas polas noticias que aparecen nos medios de comunicación.

Como sucedeu na primeira ola da pandemia, cos rebrotes da Mariña o pasado verán, os responsables do poder local, os Alcaldes e Alcaldesas, teñen que actuar ante esta pandemia cunha desinformación completa, e vense obrigados a poñer en funcionamento e velar polo cumprimento de medidas que ninguén lles consultou, e que moitas veces alo menos ou non coñecen ou non teñen claras de todo.

Galicia, que foi o 15 de xuño a primeira comunidade en saír do estado de alarma, vese agora abocada, a finais do mes de outubro, a novas medidas restritivas. Parece que aquelas présas por anunciar a boa nova de xuño tiñan máis que ver coas estratexias electorais do Partido Popular que coa excelencia das medidas adoptadas contra a Covid.

A principios de xullo, a aparición de novos brotes na Mariña provocou unha reacción inadmisíble das autoridades da Xunta. O Feijóo, presidente que reclamaba competencias a Madrid durante o estado de alarma, deixou paso ó Feijóo candidato que tentaba lavar as mans para manter unha imaxe de campaña impoluta. A solución?, decretar o peche de varios concellos, cargar ós alcaldes e alcaldesas co cumprimento das medidas, co argumento forzado de que eran autoridades sanitarias.

En agosto, en plenas vacacións pos-victoria electoral, os brotes da residencia do Incio evidenciaban que non se tiña mellorado nada na atención ós nosos e ás nosas maiores. E de novo o goberno autonómico, en funcións entón, estivo máis pendente dos relevos e cambios que da saúde dos galegos e das galegas.



Desde setembro, os alcaldes e alcaldesas veñen reclamando á Xunta información real sobre a evolución da pandemia, a información real son os datos numéricos por municipio. A propia FEMP rexeitou publicamente o mapa de cores ofrecido pola Xunta de Galicia, porque non permite ós responsables públicos contar coa información que necesitan para poñer en marcha as medidas. Ante esta pandemia, señores do Partido Popular, eu creo que non valen os colorines, o que fan falta son números e datos concretos para que os alcaldes e alcaldesas podan actuar e protexer ós seus veciños e veciñas.

O pasado 21 de outubro, hai uns días, tivemos unha nova que nos daba proba do xeito de actuar da Xunta de Galicia, que leva ós xornais un día as medidas que ó seguinte aproba no DOGA; medidas que, segundo din os propios medios de comunicación, están guiadas polo criterio do comité de expertos que asesora á Xunta. E aínda que si nos parece ben que a administración autonómica actúe cun comité de expertos sanitarios, ó igual que o fixo o Goberno Central, entendemos que a existencia deste non cubre as estratexias de consulta e comunicación necesarias para loitar contra a pandemia. Porque non falan cos Alcaldes que son os que realmente están en contacto cos veciños?. Poñemos un exemplo, o Presidente do Goberno, a través da conferencia de Presidentes, fala cos presidentes autonómicos; pero os presidentes autonómicos, neste caso o Sr. Feijóo, non fala cos inmediatamente seguintes que son vostedes; porque fan isto?

A Xunta de Galicia, que reclama colaboración no cumprimento das medidas, non fai esa oferta de colaboración dende o seu seo. A mellor colaboración pasa sen dúbida por escoitar de cerca ós alcaldes e por ver cales son as súas necesidades. A Xunta debe actuar tendo en conta as cuestións que xa fomos aprendendo, é dicir as residencias requiren de atención específica; moitos centros de saúde están quedando sen médicos, ou alo menos sen médicos suficientes para atender á poboación; podemos alongar esta listaxe, as dificultades do inicio do curso escolar, etc.

Pero cómpre tamén escoitar ós sectores económicos, porque a epidemia, ademais dunha urxencia sanitaria, que o é, é un problema socioeconómico, e temos que traballar xuntos para deseñar medidas pensando na súa eficacia real, non no impacto dos titulares.

Por isto que lles acabo de dicir propoñemos a este Pleno a través desta moción, en primeiro lugar que se abra por parte da Xunta de Galicia unha liña de diálogo e colaboración permanente coa administración local que teña en conta á FEGAMP. E ademáis que se informe diariamente dos datos ós Alcaldes e Alcaldesas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O noso voto evidentemente a esta proposta do Partido Socialista vai ser a favor, porque non entendemos ben cal é o sistema de información da Xunta de Galicia, e o que si sabemos de primeira man é a inseguridade que iso xera, non só nos gobernos locais senón tamén na propia cidadanía, porque moitas veces a falta de información substitúese pola rumoroloxía e iso sempre é moito peor.

A Xunta de Galicia mentres durou o primeiro estado de alarma o Sr. Feijóo saía tódolos días na televisión dicir o mal que o facía o goberno central, e agora que ten as competencias agóchase e non está a actuar, só está a poñer escusas en tódalas competencias que ten, non informa e segue escudándose agora non sabemos en que, porque a pandemia en Galicia empeora, non aprendemos da experiencia nas residencias de anciáns que segue a ser unha situación completamente lamentable, e detrás disto o que hai é falta de vontade de investir na sanidade pública.

E isto, mesturado con esa falta de información, fai que os propios cidadáns non saiban moi ben o que está a pasar; nin sequera os gobernos locais poden informar ós seus veciños, que calquera dos que están aquí que son alcaldes, e non só os alcaldes senón eu mesmo como concelleiro da oposición en Sarria, moitas veces os veciños tratan de ter información con aqueles que temos algunha relación coa política, e non podemos porque non temos máis información ca esa nota de cores que publica a Xunta de Galicia cada semana.

Polo tanto nós cremos que iso é un erro, que ese escurantismo o que fai é meter máis medo á poboación e máis inseguridade, e cremos que os gobernos locais necesitan un respecto, e ademáis



moitas veces para colaborar coa Xunta ou co Goberno Central nesta loita contra a pandemia é necesario que esa información flúa porque senón están a cegas e non poden actuar nin colaborar.

Polo tanto nós cremos que a Xunta de Galicia ten que reaccionar neste tema e noutros moitos máis, e deixar de escudarse coma sempre, que parece que cando algo vai mal nunca é competencia dela”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Unha vez máis o Partido Socialista tráenos ó pleno da Deputación de Lugo unha moción coa que se pretende chamar a atención utilizando a pandemia para facer política. Unha moción que responde á desesperación dunha forza política que logo das eleccións autonómicas quedou relegada ó terceiro posto na nosa Comunidade Autónoma, e agora pretende recuperar espazo político pedindo actuacións que xa están en marcha.

A Xunta de Galicia sempre tivo en conta á Administración Local dende que se iniciou a pandemia; vostede non o sabe porque non é alcaldesa e nunca estivo na administración local, e o señor Castro tampouco o sabe, pero Alcaldes e Alcaldesas socialistas que están sentados en fronte saben perfectamente que dende que se iniciou a pandemia a primeira administración en preocuparse polos concellos foi a Xunta de Galicia, foi da primeira da que recibiron material de protección, máscaras e hidroxel, e non así nin desta Casa nin do Goberno Central; xa sei que iso non importa e suscítalles risas, pero claro como non forma parte do goberno deles algún nin dixo que o recibira; pero foi así, hai que recoñecelo, e os que somos Alcaldes sabemos que a primeira administración en preocuparse polos concellos foi a Xunta de Galicia, insisto, nin do Goberno do Estado nin desta Deputación se actuou con tanta premura coma dende a Xunta de Galicia.

A actuación da Xunta na loita contra a pandemia caracterizouse sempre pola transparencia; tódolos días, non sei se o saben ou non porque algúns parece que non queren consultar as páxinas web, se publicaban os datos da evolución da pandemia na nosa Comunidade na páxina web da Consellería de Sanidade; figuraban a diario nesta páxina o número de casos activos en Galicia e o seu desglose por área sanitaria, a situación dos pacientes positivos, os que estaban en UCI, en

unidades de hospitalización, ou en domicilios, o número total de persoas curadas e de falecementos, o número de PCRs realizadas, datos desagregados da situación en centros e residencias.

Ademáis diso, a Xunta ten operativa unha páxina web do Sergas onde se publican, entre outros, múltiples datos e incidencia do virus en cada concello cos novos casos confirmados por PCR nos sete días anteriores e nos catorce días anteriores. Pódense consultar en cada área sanitaria as cifras totais de pacientes con infección activa, os hospitalizados na data actual, coidados intensivos a data actual, os curados, os falecidos, os contaxiados, os casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas, as probas PCRs realizadas, as probas serolóxicas realizadas.

O sistema de gráficos e mapas, que vostedes critican, é un sistema moi ilustrativo, se se queren burlar del búrlense vostedes pero eu vexo que a nivel nacional vostedes non fan nin nada semellante, pero nese sistema de gráficos e mapas pódese comprobar o número de persoas con infección activa, as curadas e falecidas, as diagnosticadas a través de probas PCR, a porcentaxe de persoas infectadas, a de falecidos por idade, a porcentaxe de infeccións por tests PCR realizados, a distribución de datos por hospitais indicando as hospitalizacións e os coidados intensivos, os niveis de alerta por concello nos casos confirmados por PCR, como dixen antes, nos sete días anteriores e nos catorce días anteriores.

Entonces vostedes deben concretar que información e que interlocución queren, eu creo que vostedes o que queren é que o Presidente Feijóo os chame e lle diga, “Oiga Alcalde, que tal, todo ben por aí?”. Eu creo que hai que ser serios á hora de traer propostas a este Pleno.

Din vostedes que a FEMP rexeitou o sistema de mapas de cores, pois sabendo quen preside a FEMP é normal que rexeitara o sistema de mapas, pero sen embargo queríanos embargar os aforros ós concellos, carai para o presidente da FEMP!, iso si que chama a atención.

E xa para rematar este primeiro turno de intervención, poñerlles de manifesto a modo de resumo que esa interlocución que vostedes demandan xa existe, e vostedes ben o saben, sábeno perfectamente, o que pasa é que vostedes veñen aquí para facer ruído e para simular; cuestión



distinta é que vostedes non queren mirar os datos, pero se vostedes queren poden ter datos e acceso a toda esta información que se lles está a dicir.

E deixen xa de buscar o espazo político perdido, que é o consello que nós lle damos, a través da presentación de mocións con falsos contidos, de pedir que se cubran vacantes que aínda non existen de médicos que aínda non se xubilaron. Todo isto é populismo barato”.

Seguidamente intervéñ a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. Balado, vostede ademáis de ler o argumentario que lle envían dende Santiago, minte, porque os alcaldes e alcaldesas non están atendidos porque o Presidente da Xunta, o Sr. Feijóo, durante a primeira ola da pandemia non se puxo en contacto alo menos con ningún dos sete alcaldes das grandes cidades galegas; ata onde nós sabemos tampouco con outros de concellos máis pequenos, a menos que o fixera con algún que nós descoñecemos; tampouco se puxo en contacto cos Presidentes das Deputacións, non sei se co Sr. Baltar, ó mellor ata falou con Jácome, non o sei. Pero o certo é que oficialmente nin sequera contestou ó ofrecemento que se lle fixo dende esta Casa para dispoñer de espazos como poden ser as residencias baleiras nas que se podían albergar persoas que estivesen confinadas ou en corentena.

O certo é que a primeira administración en repartir material non estivo moi atinada no reparto, nin foi a primeira, nin cubriu unha porcentaxe tan alta da poboación como cubriu por exemplo esta Deputación, que ademáis de achegar case a totalidade de unidades de máscaras para a poboación puxo a disposición dos concellos, que aí teñen vantaxe tódolos concellos desta provincia, os fondos do Plan Único para que puideran investilos en prevención, protección, ou incluso en impulso económico pos-covid; iso non o fixo a Xunta de Galicia. Polo tanto aquí leccións e argumentarios do Partido Popular de Santiago, poucos señor Balado, e as mentiras non teñen longo percorrido.

Agora Feijóo incumpre de novo ante esta nova ola de contaxios porque volven á actitude que tiveron na primavera, a de non escoitar ós concellos; fixérono cando aconteceu o inicio do curso escolar, negáronse a asumir o custe das tarefas de desinfección dos colexios e dos institutos.

O argumento, xa desmontado por certo polos xuristas, de que iso era parte das tarefas de limpeza, por favor!, o argumento xa se vía que ía ter pouco percorrido. Os concellos galegos están gastando, e vostedes deberían sabelo ben dada a súa experiencia en xestión local, millóns en desinfección, mentres a Xunta de Galicia segue sen achegar ós concellos parte deses cen millóns de euros xa recibidos como parte dos fondos da loita contra o covid.

Polo tanto, señor Balado, se lle sumamos as axudas do Estado, as axudas neste caso desta Deputación, eu creo que cando menos vostedes terán que estar de acordo comigo en que a Xunta de Galicia podería poñer un gran de area en materia de colaboración, pero sobre todo en materia de colaboración para escoitar ós concellos e saber cales son as demandas reais e logo poder actuar, porque non o están facendo, e o Sr. Feijóo dende logo neste caso non ten o oído fino. E eu sinto moito lamentar esta actitude da Xunta de Galicia porque creo sinceramente que debería estar á altura das circunstancias, e vostedes aquí tamén”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu, señor Balado, non sei se esa boa circulación da información a que vostedes se refiren entre Xunta e concellos é en casos como que haxa un gromo e o propio goberno municipal se entere pola prensa de que hai un gromo no seu concello, quizá esa é a súa relación idílica que ten entre a Xunta e os gobernos municipais, pero iso é a realidade, iso é o que está a pasar. Nós francamente cremos que iso é moi mellorable, porque se para vostedes chega con que un goberno local teña que ir a semana pasada clicar alí no seu territorio para ver de que cor está o seu concello, para nós non.

Podemos concordar que para unha páxina web para a cidadanía e para ver como evolucionan os datos en xeral pode valer, pero para saber como ten que reaccionar un goberno local ante un posible gromo, e que medidas pode implementar e axudar á Xunta de Galicia, cremos que é moi mellorable.

E presumen, porque ademáis vostedes son expertos niso, de que a Xunta de Galicia, exercendo as súas competencias, naquel momento mandou unha pequena esmola de material



sanitario ós concellos, e calquera dos que están aquí que son Alcaldes a ver se o poden tildar doutra forma, canto material sanitario chegou, e vén presumindo de facer o que ten que facer a Xunta de Galicia; é dicir, hai que estarlle agradecidos porque no exercicio das súas competencias mandou unha pequena mostra de material, que por certo esta Deputación mandou moito máis e non era unha competencia propia, pero estamos reaccionando porque era unha pandemia mundial e aí si que non hai que poñerse cadaún nos seus marcos; pero presumir de facer o que ten que facer a Xunta de Galicia vostedes son especialistas.

Polo tanto, xa llo dicía ó comezo, fai falla máis información, agora non sae tanto na televisión de Galicia dar a cara; fai falla máis información, e fai falla unha cousa clave, e que o seu goberno se nega, que é investimento na sanidade pública, dino tódolos organismos internacionais, que a loita contra a pandemia é con inversión na sanidade pública, e vostedes nin a están reforzando senón que, como veremos despois, no medio dunha pandemia mundial seguen horadando a sanidade pública.

Polo tanto dicirlle ó goberno do Sr. Feijóo que reaccione, porque estamos nunha situación moi complexa e el segue a ser un telepresidente e buscando culpables noutros sitios”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Dicirlle ó señor Castro e á señora García Porto o mesmo ou semellante ó que lles dixen antes; vostedes non estaban nos concellos, pouca idea teñen da administración local, eu pódolles asegurar, e senón pregúntenlle ós seus compañeiros, que dende a Delegación da Xunta de Lugo chamábase periódicamente, e min cónstame, ós concellos dende que se decretou o estado de alarma; isto simplemente é un dato para contrastar coas afirmacións falsas que fan o señor Castro e a señora García Porto.

Pero miren, señores do Partido Socialista, o problema non é a xestión da pandemia por parte da Xunta de Galicia, o problema é o Goberno do Estado, a Xunta de Galicia foi dos gobernos autonómicos nos que máis se traballou, nin sequera hai esa falla de coordinación cos concellos. O problema é o goberno que temos en España, e temos que ser serios, miremos o que di de nós a

prensa internacional en Europa e fóra de Europa, xornais como The Washington Post, The Guardian, Le Monde, acusan ó Goberno de España de actuar tarde e de levar a España a ser o segundo país en número de falecidos. Iso é o desagradable, e iso é a realidade que temos en Europa e como nos miran en Europa. E vostedes, os socialistas da Deputación de Lugo, traendo ó Pleno da Deputación mocións para tratar de enganar ós veciños e veciñas de que unha das Comunidades Autónomas nas que mellor se xestionou a pandemia non se relaciona cos concellos.

Voulles ler moi brevemente unha cita do xornal The Guardian: *“Cuando Sánchez anunció que aprobaría medidas extraordinarias al aplicarse el estado de alarma, tardó más de veinticuatro horas en ponerlas en marcha, momento en el que parte de la población de Madrid y otras ciudades se había dispersado por todo el país”*. E di: *“España no se puede justificar en la cercanía con Italia, primer país en número de fallecidos por coronavirus, porque no hai fronteras terrestres con Italia, mientras que Francia, Suiza, Austria e Eslovenia, todos los países que lo están haciendo mucho mejor, si las tienen”*. Esta é a realidade, xornais como The Washington Post din de España que *“ha sido criticada por ser demasiado lenta para intervenir y exigir el distanciamiento social. Las autoridades españolas impusieron restricciones a los viajes fuera de casa hace poco menos de dos semanas”*.

Vostedes, cando a pandemia estaba arrincando en España, e eu xa llelo dixen noutros Plenos, estaban moi preocupados polo bo resultado daquela manifestación que nunca se debiera ter convocado e non por controlar a pandemia. Esta é a triste realidade que temos señora García Porto, unha realidade que vostedes tratan de ocultar cubríndolle as costas ó Sr. Sánchez para esconder a súa incapacidade, presentando mocións inventadas e falaces, porque o que está claro é que onde gobernan vostedes o que hai é un imperio da desidia e de desorde, e en cambio en Galicia houbo preocupación tódolos días.

E xa para rematar, nós non imos apoiar esta moción porque isto non responde á realidade, e porque as medidas que vostedes solicitan xa levan tempo funcionando”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:



“Dicía o Sr. Balado que o problema é o Goberno Central, non, o problema é negar a evidencia; vostede insiste en que o Sr. Feijóo estableceu contacto cos Alcaldes e eu creo que non ten a listaxe completa, debeu chamar a algúns nada máis, porque ó resto non os chamou; ós das sete grandes cidades non os chamou, ós presidentes das deputacións non os chamou, aquí hai un montón de Alcaldes e eu case me atrevo a pedir que levanten a man os que recibiron unha chamada da Xunta de Galicia para darlles información, e ó mellor nos saen as cores.

Non se pode pedir ós demais que fagan o que un non fai; o Sr. Feijóo cando estabamos co mando único pedía as competencias, e agora que ten as competencias dispara para arriba e para abaixo, o exemplo vostede, que aquí se atrave a disparar contra o Goberno Central porque evidentemente non vai disparar contra os seus compañeiros Alcaldes, que xa o fan directamente dende a Xunta de Galicia poñéndolles toda a responsabilidade ós Alcaldes.

E eu nada máis lle vou contar un exemplo para que se dea conta da evidencia, en Antas de Ulla temos varios casos de positivos, algúns deles coinciden na miña comunidade de veciños, amablemente o Alcalde se presentou e nos preguntou ¿que facemos?”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Antes de someter a votación esta moción, Sr. Balado, creo que hai que aclarar algunhas cousas. Vostede tirou de manual, e a mín paréceme moi ben, só faltaría, nunha democracia cadaún di o que quere, e moito máis sendo voceiro do seu Partido.

Eu non quero como Alcalde que a mín me chame o Sr. Feijóo para preguntarme que tal me vai pola mañá, non o necesito, entre outras cousas porque levo catro anos esperando que me reciba, pedínlle unha cita por escrito, rexistrado o documento, e aínda non me contestou hoxe, catro anos, ó segundo alcalde da provincia de Lugo. E supoño eu que Monforte será tan interesante coma outros concellos, que si os recibiu, do Partido Popular.

Pero falaba vostede que os concellos non tiñan recibido nada desta Casa, pois teño que dicirlle que desta Casa os concellos recibiron máis ca da Xunta e con moita menos parafernalia; e se temos en conta as competencias que ten cadaquen, porque a Deputación non ten competencias

pero a Xunta si que as ten no Estatuto de Autonomía; e se temos en conta os orzamentos da Xunta e os da Deputación, non hai cor señor Balado.

Mire, eu son Alcalde coma vostede, e dende logo ó concello de Monforte non lle facilitaron información directa ningunha, así que non veña dicindo que chamaron porque non é verdade; sabe cando ocorreu algo así?, cando houbo o brote en Monforte, que saíu en tódolos medios de comunicación, eu tiven que falar co Conselleiro saínte, co Sr. Almuiña, ó cal lle quero agradecer, e dígoo públicamente, o comportamento que tivo; falo co Sr. Almuiña e el dime que mentres dure o brote diariamente o concello de Monforte vai recibir información directa dalgunha persoa do Sergas, e así foi, durante o tempo que declararon aberto o brote tódolos días pola tarde chamaba o xerente da área sanitaria de Lugo, o señor Ares, chamaba á tenente de alcalde do concello de Monforte para darlle os datos. Cando deron por superado o brote acabouse a comunicación e non a volvemos recuperar. Non temos información ningunha dende entón.

E mire, voulle poñer un exemplo da transparencia de vostedes, señor Balado; isto ocorreu hai uns días pero é convinte que o saiba todo o mundo; esta Institución, a Deputación de Lugo, tódolos que estamos aquí conformamos a Deputación de Lugo, tivo unha moi boa noticia, que foi aceptada na Transrománica, que son unhas rutas do románico do Consello de Europa, do que forman parte nove países e doce rexións, e foi aceptada por unanimidade.

É dicir, hoxe, afortunadamente, a Deputación de Lugo forma parte da Transrománica do Consello de Europa, e eu creo que é unha boa nova para todos; e eu creo que tamén o era para a Televisión de Galicia, porque mire se pensaron que era boa noticia que nos chamaron para interesarse por ela e que lle fixeramos unhas declaracións; e sabe que ocorreu?, que tan pronto se lle dixo á Televisión de Galicia que as declaracións as faría o Presidente, ós dez minutos chamaron dicindo que non interesaba, e non sacaron a noticia, unha noticia a nivel europeo, que en España só hai dous sitios máis que forman parte da Transrománica que é Santo Domingo de Silos en Burgos, e o casco histórico de Zamora; esa é a transparencia de vostedes señor Balado; dígalle ó seu Presidente que se é tan transparente e quere informar con claridade, que informe tamén con transparencia de todas estas cousas que nos afectan ós lucenses, porque isto afecta ó conxunto da provincia e á Institución Provincial.



E vostede recordará coma min que cando se declarou o estado de alarma co mando único, o Sr. Feijóo tódolos días saían en rolda de prensa criticar o que propoñía Madrid, e reclamar para si recuperar rápidamente as competencias; dende que as recuperou non saiu ningún día, despois mandaba ó Conselleiro ou a outro de terceira fila. E agora que volve haber un estado de alarma, que o pediron os Presidentes de Murcia do Partido Popular e o Presidente de Castilla-León do Partido Popular, etc, agora volve saír dicindo que é unha loucura, pero sabe o que ocorreu?, que Galicia, mentres ten el as competencias, ten moitos máis casos ca na primeira ola.

E esa é a xestión do Sr. Feijóo, e vostede pode vir aquí contarnos milongas, as que queira; e dende logo o Washington Post e The Guardian, por favor!, se quere poñer aquí de exemplo a Trump, vale!, pero poñer de exemplo ó país que ten máis casos de todo o mundo, mais mortos do mundo, e en Inglaterra que están sumando cincuenta mil por día!. Eses son os exemplos do Partido Popular?, pois se é así entónces falamos linguaxes moi diferentes; e eu creo, señor Balado, que vostede mesmo está interpretando un papel; e a manifestación de que vostede fala eu creo que se refire a outra, refírese á de Colón, co PP, con Vox, e con Ciudadanos”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA QUE CUBRA A PRAZA DE MÉDICO VACANTE POR XUBILACIÓN NO CONCELLO DE O SAVIÑO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á

consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta que cubra a praza de médico vacante por xubilación no concello de O Saviñao.

O concello de O Saviñao, na Ribeira Sacra, é un bo exemplo da realidade do rural lucense e da Galicia interior. Conta cunha poboación de aproximadamente 3.750 veciños e veciñas, espallados nunha extensión de 197 km², o que dá unha densidade media moi baixa, por debaixo dos 20 habitantes por km². Con 29 parroquias e 312 núcleos de poboación, é un bo exemplo da dispersión e envellecemento da poboación do rural: a porcentaxe máis elevada de habitantes sitúase na franxa de 70 a 79 anos; a máis baixa, na infancia, nos 0 a 9 anos.

Dispersión e envellecemento esixen un esforzo á hora de deseñar o mapa dos servizos públicos e garantir a calidade dos mesmos, especialmente no que fai á sanidade pública. O Saviñao conta cun CAP en Escalón, a súa capital, no que veñen prestando servizo 3 médicos de atención primaria e un pediatra. A estes súmase o médico que atende o consultorio de Currelos. Pero os veciños e veciñas están preocupadas ante a xubilación dun dos doutores que pasa consulta no centro de Escalón, pola actual política do Sergas de aproveitar as xubilacións para facer recortes de persoal.

Ca dotación actual de catro médicos de atención primaria para atender a 3.750 veciños, a ratio estaría nos 937 pacientes por doutor; a redución dun posto, elevaría esa ratio a 1.250, que se acerca ós topos de 1300/1500 doentes que aconsella a Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria. Non se entende que a política sanitaria galega tente empeorar os ratios alí onde son bos, en lugar de melloralos no conxunto do territorio galego.

Ademais, a valoración dos ratios ten que ser matizada ó abeiro dos consellos da Sociedade Española de Xeriatría, que fixa criterios específicos de atención a pacientes de idade avanzada – maioría no concello de O Saviñao – nos que cifra o tempo ideal de consulta con este tipo de pacientes en media hora, y que los médicos que atenden a estes pacientes – en Galicia os médicos de atención primaria fundamentalmente – non deberían ter máis de 5 horas de consulta ó día.

Se a estas circunstancias lle sumamos a dispersión de poboación do rural galego, ou a pegada do covid, que en moitos casos obriga ás e aos doutores a visitar ás e aos pacientes nos seus



domicilios, vemos que as necesidades dotacionais da sanidade rural galega teñen un perfil propio, con necesidades específicas. O propio presidente da Xunta ten insistido, nas negociacións co goberno central, na necesidade de ter en conta o envellecemento e a dispersión á hora de avaliar o custo real da sanidade galega. Desgraciadamente, o que Feijoo reclama cas súas palabras en Madrid, o nega cos seus feitos en Galicia, onde unha década do seu goberno salda con recortes no presuposto, a perda de máis de 900 camas de hospital e 1.100 profesionais menos na Atención Primaria da nosa comunidade.

O Grupo Provincial Socialista quere mostrar de novo o seu rexeitamento á política de recortes na Sanidade Pública que está a aplicar o goberno do PP, especialmente no rural galego. Entendemos que a práctica de converter as xubilacións en recortes supón non solo unha merma nos servizos que reciben os veciños e veciñas do rural, senón un desprezo ós propios médicos, que ven como o remate da súa carreira profesional se pecha cun deterioro da atención sanitaria que recibirán no futuro os seus pacientes.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia e ó Sergas

- Que cubra a praza de médico que vai quedar vacante por xubilación no concello de O Saviñao.
- Que poña fin á política de recortes na Sanidade Pública Galega, dun xeito especial, da práctica que converte as xubilacións en perda de prazas
- Que elabore un plan de avaliación real das necesidades da sanidade rural galega, tendo en conta ratios como poboación, dispersión, envellecemento ou a pegada do covid. Entendemos que este plan ten que contemplar, como horizonte de mínimos, a recuperación das plantillas tal e como se atopaban no ano 2009”.

Instar á Xunta de Galicia a manter aberto o consultorio de Currelos (O Saviñao) e a dotalo do persoal necesario para manter os servizos sanitarios achegados á poboación para dar por cumpridos os principios de accesibilidade, igualdade e equidade na asistencia necesaria.

Asi mesmo, manterá o centro de saúde do que depende este consultorio coa dotación de persoal precisa máis aló do número de tarxetas sanitarias (TIS), senón tamén terá en conta a dispersión xeográfica e o rango de idades da poboación”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntanse dúas emendas, do seguinte teor:

1ª.- “Emenda de SUPRESIÓN relativa á moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia que cubra a praza de médico vacante por xubilación no concello de O Saviñao.

O Grupo Provincial do Partido Popular propón suprimir o segundo parágrafo da proposta de acordo:

“Que poña fin á política de recortes na Sanidade Pública Galega, dun xeito especial, da práctica que converte as xubilacións en perda de prazas”.

2ª.- “Emenda de ADICIÓN relativa á moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia que cubra a praza de médico vacante por xubilación no concello de O Saviñao.

O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formulada un parágrafo co seguinte texto:

Que se cubran todas as prazas de médico vacantes nos concellos da provincia onde sexa necesario”.

Asi mesmo por parte do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de ENGÁDEGA, do seguinte teor:



“Acordos:

Instar á Xunta de Galicia a manter aberto o consultorio de Currelos (O Saviñao) e a dotalo do persoal necesario para manter os servizos sanitarios achegados á poboación para dar por cumpridos os principios de accesibilidade, igualdade e equidade na asistencia necesaria.

Asi mesmo, manterá o centro de saúde do que depende este consultorio coa dotación de persoal precisa máis aló do número de tarxetas sanitarias (TIS), senón tamén terá en conta a dispersión xeográfica e o rango de idades da poboación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Continuamos entón e, deixando a un lado o que recollen os medios internacionais, imos centrarnos no que recollen e demandan os galegos e galegas, neste caso a falla de médicos e a decadencia da sanidade pública é algo que por desgraza temos que abordar e evidenciar con demasiada frecuencia nos debates deste pleno, sobre todo cando falamos da atención primaria no medio rural. E hoxe tócanos o concello de O Saviñao na Ribeira Sacra, á cal se refería o Presidente hai un momento por unha boa nova que a Televisión de Galicia parece que non considerou tan boa ó saber a orixe da mesma.

É un bo exemplo da realidade do rural lucense este concello da Galicia interior; cunha poboación de menos de 4000 veciños, espallados en case que douscentos quilómetros cadrados, unha densidade media moi baixa, por debaixo dos vinte habitantes por quilómetro cadrado; vinte e nove parroquias, máis de 300 núcleos de poboación; é dicir un bo exemplo da dispersión e do envellecemento da poboación do rural.

Dispersión e envellecemento que esixen un esforzo á hora de deseñar o mapa dos servizos públicos e poder así garantir a calidade dos mesmos, especialmente no que se refire á sanidade pública. E no Saviñao que se conta cun Centro de Atención Primaria en Escairón, a súa capital, no que veñen prestando servizo tres médicos de atención primaria e un pediatra, ós cales se suma o

médico que atende o consultorio de Currelos. Os veciños e veciñas deste concello mostran a súa preocupación ante a xubilación dun dos doutores que pasa consulta no centro de Escairón pola actual política do Sergas de aproveitar as xubilacións para facer recortes de persoal.

Coa dotación actual de catro médicos os veciños e veciñas contarían cun doutor para cada 937 pacientes; a redución elevará a ratio a 1.250 pacientes por doutor, que se acerca ós topes de 1300/1500 doentes que aconsella a Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria. E a verdade é que isto non se entende, porque o que habería é que aproveitar para cubrir esas prazas e que na situación que estamos contasen con máis médicos se cabe no medio rural.

Ademais desa valoración dos ratios que ten que ser matizada ó abeiro dos consellos da Sociedade Española de Xeriatría, que fixa criterios específicos de atención a pacientes de idade avanzada por enriba da media que considera o tempo ideal de consulta de media hora, aquí estamos falando de que lle adican aproximadamente cinco minutos; polo tanto as contas non saen ben señores do Partido Popular.

Pero ademáis hai que sumar o que xa dixemos, a poboación maior e a dispersión no medio rural, e tamén a pegada do Covid neste momento, que nos obrigaría a reforzar a sanidade e non a reducir os servizos. O propio Presidente da Xunta insiste, nas negociacións co goberno central, na necesidade de ter en conta o envellecemento e a dispersión á hora de avaliar o custe real da sanidade galega; pero desgrazadamente o que reclama coas súas palabras a Madrid o nega cos seus propios feitos en Galicia, onde unha década de goberno de Feijóo sáldase con recortes no presuposto e coa perda de máis de 900 camas de hospital e 1.100 profesionais menos na Atención Primaria da nosa Comunidade.

Nós hoxe, o Grupo Provincial Socialista, amosamos de novo, como fixemos en ocasións anteriores, o noso rexeitamento á política de recortes da sanidade pública que se están aplicando por parte do Partido Popular galego, especialmente no medio rural. Entendemos que a práctica de converter esas xubilacións en recortes supón non só unha merma nos servizos que reciben os veciños e veciñas senón tamén un desprezo cara ós profesionais da sanidade, que van ver cando se xubilen como lle deixan un peor servizo ós pacientes que atenderon durante toda unha vida profesional.



Polo tanto nós o que pedimos, e aproveito agora para centrarme no tema do Saviñao, e saudar ós veciños deste concello e concelleiros que nos acompañan, pedímoslle á Xunta de Galicia e ó Sergas que se cubra esa praza de médico que vai quedar vacante por xubilación no concello de O Saviñao. Que poña fin á política de recortes na Sanidade Pública Galega, dun xeito especial, da práctica que converte as xubilacións en perda de prazas. E que se elabore un plan de avaliación real das necesidades da sanidade rural galega, tendo en conta ratios como poboación, dispersión, envellecemento ou tamén a pegada do covid neste momento. E entendemos que este plan ten que ter un horizonte de mínimos que sería a recuperación das plantillas tal e como se atopaban no ano 2009, é dicir un pouco antes de que vostedes chegaran a tomar medidas de recortes dende o Goberno de Galicia.

Nese sentido levamos falado moito neste pleno, e pediríalles que non só pensen no concello de O Saviñao senón en moitos dos concellos nos que vostedes son goberno, e que en calquera momento se poden ver na mesma situación”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Nesta moción nós imos pedir que se poda votar por puntos, porque entendemos que o punto número dous seguimos na mesma historia de sempre de ataque ó goberno autonómico.

Non obstante tamén presentamos dúas emendas, unha de supresión do punto dous, e outra de adición que di que se cubran tódalas prazas de médicos vacantes nos concellos da provincia onde sexa necesario. Non podemos entender este localismo nun só concello; é máis, nun concello que conta con catro facultativos, e onde están adiantando un problema que nin sequera está enriba da mesa.

Dito profesional que nomean nesta moción nin sequera se xubilou, en todo caso o Sergas en ningún momento dixo ou insinuou nada de que dita praza se fose amortizar. Non entendemos esta maneira de actuar cos tempos que corren, alarman á poboación, facendo prognósticos

catastrofistas que só crean incertidume. Como onte mesmo lles contestou o Sergas que esta praza, cando se xubile o facultativo, cubrirase de acordo á normativa establecida.

De todos é sabido que ademáis o Sergas está a construír nestes momentos un centro de saúde cun orzamento de máis dun millón de euros, obras que comezaron en maio de 2009. Por iso vir cunha moción destas características, localista, nun concello onde se está investindo en sanidade bastante máis ca noutros que ó mellor si que necesitan máis médicos, ou que se deixen facultativos pola noite, xa que, coma no caso do Courel ou A Fonsagrada, por dicir algúns, temos moita dispersión xeográfica, idades tanto ou máis avanzadas, e temporais que deixan illadas varias aldeas no inverno.

Por iso creo que traer esta moción para crear alarma é non ter altura de miras. Engadir que se cubran tódalas prazas dos médicos vacantes nos concellos da provincia onde sexa necesario é algo máis que obvio. Pensar só no Saviñao, que ademáis non existe dito problema, repito, é ter pouca altura de miras.

Vou darlles algúns datos de finais do ano 2019, porque o que agora se está investindo en sanidade co covid creo que sería difícil de calcular, todos sabemos que se están indo tódolos presupostos para sanidade, e que todo será pouco.

Pois a finais do ano 2019 Galicia convertiuse na quinta Comunidade Autónoma con maior gasto consolidado en sanidade, adicouse máis do 40% do orzamento da Xunta de Galicia, case catro mil millóns de euros; tívose máximo histórico en intervencións cirúrxicas, máximo histórico en consultas, e un máximo histórico en transplantes.

Estes son datos comprobables, con números e rexistros. E dígollo eu que, como alcaldesa, de todos é coñecido o descontento que teño tanto cando gobernaron vostedes como bipartito que xa só nos deixaran un facultativo no Courel para dous centros de saúde que están a 15 quilómetros un do outro, e que así e todo temos aldeas a trinta quilómetros do seu centro médico de referencia, por unhas estradas provinciais que xa me gustaría que fosen revisar, algunha leva máis de dez anos sen mantemento.



Pero tamén reclamamos ó goberno actual que seguimos a facelo coas gardas médicas nocturnas, algo imprescindible para zonas como as nosas; e digo isto porque eu non veño aquí dicir que todo está ben, porque non é certo, oxalá!, pero si que se fixeron cousas boas. Saian dese catastrofismo; hai pouco o Lucus Augusti recibiu un premio, supoño que será porque non se está facendo todo mal. Vostedes mesmos se delatan traendo unha moción dun sitio concreto onde non existe o problema, e onde o Sergas está investindo neste mesmo momento nun novo centro médico.

De todos é sabido a falta de médicos de familia e pediatras ós que está sometida non só Galicia senón toda España, e está claro que para mellorar isto necesítase a implicación de tódalas administracións públicas, e mais co que estamos a vivir onde os cambios que se precisan ó modelo organizativo só serán posibles dende un diálogo e traballo colaborativo das administracións, os profesionais, e a cidadanía.

Entón, póñanse a traballar dende o seu Partido e deixen de dicir cada día unha cousa diferente”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu teño que saírme un momento do tema de debate outra vez, porque decidín non deixar pasar estes comentarios que se fan ás veces en Institucións públicas, e é que para o meu asombro, aínda que parece que o Partido Popular quixo alonxarse un pouco de Vox, hoxe o señor Balado volveu poñer o foco dunha pandemia que afecta a todo o mundo na celebración do 8M, non hai nada máis ideolóxico e que vaia máis en contra do discurso feminista que poñer o foco dunha pandemia mundial nunhas manifestacións que se produciron no Estado español, pero que esa mesma fin de semana estaban os estadios cheos, houbo o congreso de Vox, e polo tanto eu négome a que iso quede coma un comentario sen máis.

Se vostedes están en contra do movemento feminista díganlo, pero deixen xa, o Partido Popular, Vox, e toda a dereita, de repetir a matraca do 8M, porque isto é unha pandemia mundial e esas manifestacións o único que fan é loitar polo feminismo, e eu non estou disposto a que ninguén

o diga nun estamento público e quedarme calado. E desculpenme por saír do tema, pero creo que non se poden deixar quedar como meros comentarios ou pés de páxina.

En canto a esta moción, señora Castro, eu non lle vexo ningún problema a traer cuestións concretas; evidentemente podo estar de acordo con vostede en que non só hai problemas en Escarón na sanidade pública, senón que é un problema xeneralizado. E cando di que o Sergas anunciou que o vai cubrir e que non o cremos, pois non o cremos porque xa van moitas mentiras do Sergas, xa van moitos sitios onde non se repón o médico, entón os veciños están con medo.

Vostede deu aí unhas cifras, un argumentario, pero o que ten a xente do rural é unha poboación cada vez máis envellecida, e cada vez lle resulta practicamente imposible unha cita presencial co seu médico. E podemos concordar que pode ser unha solución transitoria para algúns casos, pero que sexa imposible ter unha cita presencial é mostra do que quere facer o Partido Popular coa sanidade pública.

Polo tanto, todo iso que leu a vostedes lles valerá pero o que están facendo é recurtar; falaba vostede de datos, de investimento; e mire, o Fondo Monetario Internacional dicía que para loitar contra a pandemia hai que investir o 10% do PIB dos Estados en sanidade pública, a media do Estado español é o 4%, e Galicia está nesas medias. A Sanidade Pública é un desastre, e os veciños de Escarón están con medo de que se lles retire o médico, porque está pasando noutros centros, acaba de saltar en Parga que puxeron os propios profesionais un cartel no centro de saúde. Polo tanto a confianza no que prometa o Sergas está rota, a cidadanía non confía no Sergas, e con razón.

Ademais do problema futuro do médico, tamén sabe vostede que no Saviñao, no centro de Currelos, había un Conserxe que poñía o concello e que estaba facendo funcións por riba do que debería, que eran propias do Sergas, e que agora se xubilou e o concello non o pode repoñer, e no centro de saúde de Currelos non se fan funcións administrativas moi necesarias, obrigando a desprazarse a máis de quince quilómetros para cousas tan sinxelas como pedir cita.

Nós presentamos unha emenda de engádegas para pedir tamén que iso non sexa así, que dote de persoal administrativo o Sergas no centro de Currelos, e non pasa nada por poñer o acento



nalgún problema concreto local; evidentemente estou de acordo en que a sanidade pública galega é un desastre practicamente en calquera concello, de feito vostede mesma se descubriu, porque dixo que había outros sitios moito peores que O Saviñao, fíxese a que altura deixou vostede a sanidade pública e o Sergas, porque para vostede era un problema traer O Saviñao porque hai outros moito peor, pois estamos de acordo, hai algúns que son casos escandalosos e tamén nos unimos a que se solucionen.

Pero non teñan medo en traer casos en concreto, eu por votar a favor dunha como a de Saviñao os meus veciños de Sarria non interpretan que eu non defenda a sanidade pública en Sarria; é un problema concreto porque temos que facelo así para poñerlle cara ós veciños que están sufrindo recurtes do Partido Popular. E, repito, vostede mesma se descubriu ó recoñecer que hai outros concellos moito peores, entóns ímolo deixar así”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Concordando, e enlazando co que dicía o compañeiro Efrén, evidentemente hai sitios que están peor, e aquí nesta Deputación saíron por activa e por pasiva nos debates dos plenos en múltiples ocasións, e eu voulle poñer algúns enriba da mesa: Guitiriz, Taboada, A Pastoriza, Begonte, Palas, Antas, Castro de Carballedo, mesmo A Barrela pertencente tamén a este concello, O Saviñao, A Pontenova, Xermade, agora Meira, o propio Courel que acaba de nomear vostede. Polo tanto a evidencia de que a sanidade galega no rural está funcionando moito peor ca no resto está enriba da mesa.

Vostede fala de que non se van amortizar, pero é que iso xa se sabe, o problema é que non teñen o valor de amortizar as prazas e o que fan é que non as cubren, e este caso, o de Saviñao, é a evidencia, ó igual que acontece noutros, porque convierten as xubilacións en recurtes de servizos pola vía dos feitos, non amortizan as prazas pero non as dotan, e os veciños non teñen o servizo, iso é o que está pasando, entóns é lóxico que se preocupen e que pidan e que reclamen que se poñan médicos a disposición nesas prazas que quedan sen eles, sería o lóxico, e máis coa que está caendo.

Vostedes presentan dúas emendas, e nós non llas podemos aceptar, unha delas que é unha emenda para suprimir o parágrafo que di que se poña fin á política de recortes na sanidade pública galega, dun xeito especial da práctica que converte as xubilacións en perda de prazas, non lla podemos aceptar porque esta é a realidade, polo tanto estaríamolo ocultando se aceptáramos a súa emenda. E outra que é unha emenda para engadir que se cubran tódalas prazas de médico vacantes nos concellos da provincia onde sexa necesario, iso modifica, ó igual que aconteceu con outra proposta que facía o seu voceiro, o obxecto da moción; non hai ningún problema por falar de casos concretos, e falar de un en un, non pasa nada, ó mellor así ata nos fan máis caso porque facemos máis incidencia.

Vostedes veñen con esta emenda a diluir por elevación o obxecto de debate na moción, e ademáis onde din digo agora din diego, porque noutras ocasións que viñeron mocións de carácter máis xeral versadas tamén en materia de sanidade, a vostedes non os lembro levantando a man e apoiandoas. Polo tanto que quede claro que non imos aceptar ningunha das dúas emendas.

E no tocante tamén ó que vostede dicía dos datos, datos hainos, e a sanidade galega leva unha década sufrindo serios recortes, o problema non é de agora de que haxa unha pandemia, o problema vén de dez anos de mala xestión e recortes progresivos na sanidade, especialmente en primaria e no medio rural galego, e iso sábeno vostedes tan ben coma min porque a inmensa maioría son alcaldes de concellos rurais”

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Pois como son alcaldesas, dende logo que os maiores recortes que sufrimos, e iso é o que quixen dicir, en especial no meu concello, foi co bipartito que foi cando nos deixaron un só médico para atender os dous centros médicos; iso como Alcaldesa.

E agora que estamos aquí, quero dicirlle que non digan que aquí todos estamos facendo recortes porque non é certo, estase investindo en infraestruturas; agora mesmo vén de anunciarse a ampliación dos espazos de consulta en Antas de Ulla. E no mesmo concello do que estamos falando estase ampliando o centro médico, máis dun millón de euros nesa obra.



Así que de verdade, volvo repetirilles que deixen esta maneira de facer política que non lles funcionou, que os galegos dixemos alto e claro que non ás políticas populistas e alarmistas, a poboación está farta de todas estas historias; sinceramente están fartos de todos nós, porque vostedes só pensan en crear problemas onde non existen con miras a sacar réditos políticos, neste caso no Saviñao; pero, por favor!, o Sergas acaba de manifestalo, nunca se estudou, valorou, insinuou, ou se dixo nada de que se foxe amortizar dita praza do facultativo do Saviñao, e no momento en que dito profesional se xubile esa praza cubrirase de acordo á normativa que ten establecida o Sergas para estes casos. Non cren alarma social, esa é a política populista.

Claro que nós votaríamos a favor da moción se simplemente sacan o punto dous, porque non é certo que a sanidade pública galega estea practicando recurte tras recurte, se ata se están alongando as idades de xubilación dos médicos a 70 anos porque de todos é coñecida a falla de médicos e de pediatras. E por suposto engadir que se cubran as prazas de médicos vacantes nos concellos de toda a provincia onde sexa necesario é imprescindible; teñan altura de miras e non se centren nun concello onde nin hai problemas nin se esperan, estanse a vivir situacións transitorias non desexables pero que están marcadas pola situación na que estamos, todo está condicionado pola pandemia e todo pode ir a peor. Por iso sexamos serios cun tema como é a sanidade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Vou ser breve porque creo que xa está máis que debatido. Volvo dicirille que non vexo ningún problema en poñer o foco en cuestións concretas; convindo con vostede e cos meus compañeiros en que pode haber concellos peores, pero o que hai detrás é a política de recurtar e deixar en precario a sanidade pública galega do goberno do Sr. Feijóo.

Polo tanto nós cremos que é máis que acertada a moción e ímola apoiar. Nós presentamos a emenda de engádegas para o centro sanitario de Currelos porque aí xa non é algo como din vostedes, que é algo que non sabemos se pasará, senón que xa pasou e non se están a dar servizos administrativos no consultorio de Currelos.

E despois tamén veñen presumindo da ampliación das áreas de consulta pero é que acabaron coas consultas, entóns tamén me chama un pouco a atención; ó mellor os veciños e veciñas da provincia e deste país estaban máis contentos se investiran en médicos e lle foran dando unha solución a aquelas doenzas que necesitan unha consulta presencial, porque vostedes saben que hai moitas, sabemos que hai algunhas que se poden solventar cunha chamada por teléfono pero hai moitas que necesitan unha consulta presencial que non están tendo, e que de feito derivan en situacións graves. E ademáis de haber certas doenzas que necesitan unha consulta presencial, hai certos grupos de idades nos que unha consulta por teléfono é moi complexa que podan explicar o que senten.

Polo tanto nós o que cremos é que detrás desa propaganda de números o que ten que facer a Xunta é investir en sanidade pública e poñela a funcionar, porque nós non somos uns alarmistas só hai que saír pola rúa e preguntar á xente o preocupada que está co difícil que é hoxe en día ter unha atención digna na sanidade pública”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“O certo é que non deixo de sorprendeme, como se pode dicir aquí coa boca tan chea que a Xunta de Galicia non recurrou en materia sanitaria nos últimos dez anos, como se pode dicir iso neste Pleno?, se os datos están enriba da mesa.

Entre o ano 2005 e o ano 2009 aumentouse o orzamento sanitario nun 34%, e ademáis fíxose o saneamento completo dos catrocentos trece millóns de euros gardados do goberno Fraga. Ese orzamento, o do ano 2009, último ano de goberno progresista na Xunta de Galicia, tardou dez anos en ser superado polo goberno de Feijóo, ata o ano 2018; incluso se actualizamos ó valor real actual co incremento do IPC os orzamentos do 2009 seguen sendo superiores a calquera de Feijóo, douscentos millóns de euros máis que o último goberno de Feijóo no 2020. Iso é a política de recurtes da Xunta de Galicia”.



Pide a palabra a señora Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para preguntar se se acepta a petición de votar a moción por puntos.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Non aceptamos as emendas do Grupo Provincial do Partido Popular, e aceptamos a presentada polo Grupo Provincial do BNG, e non aceptamos a votación por puntos”.

Rematado o debate, efectuada a votación da moción coa inclusión da emenda do Grupo Provincial do BNG que foi aceptada polo Grupo propoñente da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada incluída a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DA DOTACIÓN DO SERVIZO DE UCI E DA RECUPERACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS NO HOSPITAL E NO ÁMBITO DA DESAPARECIDA ÁREA SANITARIA DE MONFORTE DE LEMOS

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda da dotación do servizo de UCI e da recuperación de servizos sanitarios no hospital e no ámbito da desaparecida área sanitaria de Monforte de Lemos.

Exposición de Motivos:

En toda a zona que abrangue a que aínda é recoñecida pola poboación como “*Área Sanitaria de Monforte*” vive poboación de idade avanzada e con dificultades de mobilidade, xa for por falta de medios de transporte, xa por estado de saúde. Se a isto lle sumamos o seu espallamento polo rural, a falta de persoal e servizos nos centros de saúde e a incidencia da COVID19 nas persoas de máis idade, temos perante nós unha realidade claramente previsible de grande demanda de servizos sanitarios e dunha situación sanitaria complicada para a poboación do Sur de Lugo.

Esta situación sanitaria e a falta de capacidade propia de xestión da área sanitaria de Monforte e do Hospital comarcal de Monforte incide na deterioración dos servizos que presta as 42.043 persoas do seu ámbito de actuación (dados da Cons. de Sanidade, febreiro 2020).

A actual situación derívase dunha intensa e longa actividade do Partido Popular en materia de recortes de persoal, de medios, e de servizos no Hospital Comarcal de Monforte, máis aló das múltiples eivas que presenta o hospital en recursos humanos.

Cómpre prever unha situación sanitaria de posible colapso da UCI de Lugo e/ou da Área Sanitaria de Lugo, que a pesares de contar con poucos/as habitantes, poden verse saturadas dende un punto de vista obxectivo por:

- Idade media da poboación.
- Número de persoas que padecen doenzas crónicas que corren perigo vital ante un potencial contaxio por COVID19.
- Estrutura do territorio e necesidade de atención sanitaria preto, tamén para casos graves (Pacientes UCI)
- Importancia do tempo na atención sanitaria urxente ante situación graves.
- A distancia dos concellos das comarcas do sur, e en concreto do concello de Monforte, da capital provincial xera un drama socioeconómico asociado ó sanitario.



Hai que lembrar que as administracións teñen a obriga de empregar os recursos públicos para facilitar e mellorar a vida da xente. Polo que o asunto que nos ocupa fai especialmente importante unha rápida actuación do Goberno Galego.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da Xunta de Galiza e a Consellería de Sanidade, dos seguintes acordos:

1.- Esixir á XUNTA de Galiza que dote do servizo de UCI de maneira inminente o Hospital Comarcal de Monforte, garantindo os medios humanos e materiais necesarios e capacitándoo ante un eventual gromo de COVID19; ademais de asegurar outras intervencións cirúrxicas que agora se derivan a Lugo.

2.- Esixir á XUNTA de Galiza o cese da política de desmantelamento da área sanitaria, a paralización do peche de servizos do Hospital Comarcal de Monforte e o inicio dunha senda da recuperación de especialidades dotando o cetnro hospitalario do persoal necesario en cada categoría e contratando as/os especialistas que cómpren.

3.- Esixir á XUNTA de Galiza a recuperación da área sanitaria de Monforte, con capacidade de xestión e medios humanos e materiais suficientes e acordes ás necesidades da poboación que atende.

4.- Esixir á XUNTA de Galiza que se publiquen as listas de agarda ocultas e levar a cabo un plan para a súa redución e a dos tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxías e procedementos terapéuticos no Hospital de Monforte.

5.- Esixir á XUNTA de Galiza un aumento de recursos para a Atención Primaria no sur de Lugo e a corrección inmediata das deficiencias do PAC de Monforte”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Aínda que esta sexa unha demanda histórica para a extinta área sanitaria de Monforte xa que leva moitos anos pedindo que se dote de UCI o hospital de Monforte, e tamén escoitando moitas promesas, cremos que se cabe hoxe, cunha pandemia como a que nos está acuciando, sería o momento, como falabamos na anterior moción, de que a Xunta deixara de agochase detrás de propaganda en números e empezara a investir.

É evidente que camas UCI naquela zona que ten unha distancia máis que considerable co HULA son necesarias en calquera momento, pero é máis evidente aínda que na primeira ola da pandemia todos fomos conscientes da importancia do número de camas UCI.

Ademáis da reivindicación dos veciños e veciñas daquela zona, as promesas do Partido Popular, en concreto do señor Dámaso, foron moi numerosas, levan prometendo a UCI para o hospital comarcal de Monforte de Lemos moitísimos anos, e os veciños o único que conseguiron é nada. Si que é verdade que nese denostado bipartito do que vostedes falan estaba moi avanzado o proxecto para levar UCIs alí, de feito, polo que puiden saber eu, estaba decidido en que zona ían ir e estaba pendente de dotar cando caeu o bipartito.

Polo tanto está claro quen apostaba de verdade pola sanidade pública na zona sur da provincia, e quen non só non está apostando senón que non está cumprindo as súas promesas, porque a min o que me chega dos veciños daquela zona é que o señor Dámaso en innumerables ocasións lles prometeu iso, e o Partido Popular agora temos acostumbrados a iso, promesas electorais que quedan en baleiro. Para que saibamos así un pouco dimensionar, aquel hospital dá cobertura a 42.000 persoas dunha zona moi rural, e polo tanto cremos que estaría mais que xustificada a inversión para dotar aquel hospital de camas UCI.

A miña pregunta é se as promesas do Partido Popular encarnadas no señor Dámaso son só cando veñen os procesos electorais, e despois cando gobernan ó mellor é culpa non sei se dos veciños daquela comarca, se é culpa do Goberno Central, que non queiran poñer UCI en Monforte, ou de quen é culpa; o que está claro é que é unha inversión máis que xustificada nunha situación normal, e con 42.000 persoas que reciben atención naquel hospital e que teñen unha distancia máis



que considerable co Hospital de Lugo, e que agora ter camas UCI “de máis” é unha das recomendacións da OMS.

Polo tanto nós cremos que é unha reclamación histórica daquela zona que nun momento normal tiña que ter sido xa levada a cabo, pero que hoxe en día aínda é máis necesaria. Así que esperamos o voto a favor dos Grupos representados nesta Cámara, e que as reivindicacións e as promesas electorais dalgún Partido se transformen en realidades, que é o que demandan os veciños e veciñas da Comarca de Lemos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O certo é que vemos máis que xustificadas as peticións e propostas de acordo do Grupo Provincial do BNG, no que fai referencia ó servizo de UCI en Monforte, xa que é algo que os seus veciños veñen reclamando dende o ano 2002 se non lembro mal, e que ademáis ese ano máis de trescentos profesionais da sanidade pedían ese servizo para o hospital, pero naquel momento a Xunta de Fraga non tivo en conta a petición; logo veu o goberno bipartito co Presidente Touriño, e incluíuse este servizo nas obras de reforma que o goberno fixo nese centro; pero despois veu o Sr. Feijóo e nada se avanzou, non se dotou o espazo previsto nin de persoal, nin de equipamento, e a UCI de Monforte parécese á unidade de ictus do Hula, teñen o espazo, un incluso ten ata placa, pero non teñen dotación nin persoal.

E miren que se lles insiste, e miren que está xustificada esta dotación; hai un dato que me gustaría aportar, que é que o sindicato de enfermería, o SATSE, recollía nun informe recente que as provincias de Lugo e Pontevedra non cumpren co criterio de contar con entre 1,5 e 2 camas de UCI por cada dez mil habitantes, que esa é a cifra que os expertos consideran necesaria para facer fronte á pandemia neste caso, e de acordo con esa ratio que lles acabo de indicar o hospital de Monforte que atende aproximadamente a 42.000 persoas debería contar cunha UCI que tivese entre seis e oito camas, para poder encarar con certas garantías os coidados necesarios agora mesmo para poder facerlle fronte por exemplo á pandemia nos casos máis graves.

E nese sentido creo que está moi xustificada esta moción do BNG; e que ademáis un hospital non é un edificio, é un conxunto de servizos, entón de nada vale ter paredes se esas paredes non están dotadas cos medios e cos recursos suficientes para poder atender ós pacientes; ter estruturas baleiras, mesmo poñerlles placas nas entradas, non serve nada máis que para agochar as carencias, e dende logo é unha vergoña impropia do século no que nos toca vivir, e particularmente na situación de pandemia.

E para rematar anunciar o voto favorable a esta moción”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Imos iniciar a segunda moción seguida do que é unha política sistemática do Partido Socialista e do BNG durante os últimos dez anos en Galicia, que é o ataque sistemático á imaxe da sanidade pública en Galicia. Vostedes levan dez anos dicindo que o goberno de Feijóo pecha hospitais, que o goberno de Feijóo pecha a sanidade pública, que a sanidade pública en Galicia é un negocio, que se está vendendo ós intereses de empresas privadas; unha serie de impropiedades que dende hai dez anos os galegos non lles compran, e agora mesmo non lles compra xa ninguén. Non entendemos como poden non variar este discurso.

En Monforte de Lemos creo recordar que no ano 2010 xa empezaban as primeiras manifestacións multitudinarias promovidas en toda a comarca polo BNG e por sectores afíns, en contra da política sanitaria pública do goberno da Xunta; hai dez anos que levan dicindo que o hospital de Monforte está a pechar, que se está a recurtar; que o hospital da Mariña se ía pechar; que o hospital de Lugo tiña non sei que cando entregaron un edificio baleiro. Vostedes non son cribles na sanidade pública, e os galegos llelo recordan cada catro anos, non o Partido Popular, os galegos.

Vostedes veñen dicir que estamos a falar dunha demanda histórica; efectivamente, no ano 2002 había un proxecto da ampliación do hospital de Monforte había unha parte dese edificio, baleira, para que as autoridades sanitarias defenderan ou non a conveniencia de instalar xa naquel momento unha UCI; saben que pasou no ano 2005?, que chegaron vostedes, os progresistas, tan



progresistas son que o pobo de Galicia vailles dicindo que hai dez anos que non queren o seu progreso, porque está mantido en populismo, en falacias, e en mentiras. Se todo o que vostedes din da sanidade pública galega fora certo, os galegos non estarían dando dende hai dez anos a confianza ó mesmo Partido e ó mesmo Presidente da Xunta.

Polo tanto, a nós vains moi ben, sigan así; sigan dando mala imaxe da sanidade pública en Galicia; sigan dicindo que temos os peores hospitais; sigan dicindo que en Galicia só hai edificios baleiros, cando baleiros deixáronos vostedes no ano 2005, e durante os catro anos dese goberno progresista, que o que eu creo é que é antiprogresista, e así o creron os galegos tamén, vostedes deixaron unha UCI, había unha UCI prevista nun espazo do hospital que nunca se fixo nos seus catro anos de goberno progresista; igual que pasou no HULA.

Vostedes levan dez anos dicindo que a sanidade pública en Galicia se cae, e mentres tanto a Xunta de Galicia anuncia quince millóns de euros para o hospital da Mariña en Burela, anuncia un plan director para Monforte doutros quince millóns de euros para renovar íntegramente ese hospital en Monforte de Lemos.

En abril de 2019 púxose en marcha a ambulancia medicalizada en Monforte de Lemos; a hospitalización a domicilio; a ampliación dos servizos médicos en Monforte de Lemos; a oncoloxía e o hospital de día oncohematolóxico en Monforte de Lemos; alergoloxía con consulta realizada polo servizo do HULA desprazado a Monforte de Lemos; consultas de enfermería, de nutrición en pacientes oncolóxicos cunha nova enfermería; a implantación da base 061 no hospital de Monforte de Lemos; a consulta post alta en urxencias por parte do servizo de medicina interna; a consulta de patoloxía infecciosa en medicina interna en Monforte de Lemos; a terapia ocupacional para nenos de atención temperá en Monforte de Lemos, que non teñen que desprazarse a Lugo.

Ese é o que vostedes din o gran negocio do Partido Popular e do señor Feijóo coa sanidade galega?, pensan que a xente son tontos?; ten que vir unha pandemia mundial para demostrar que Galicia ten a sanidade pública mellor de España, e nós non somos capaces nin de recoñecelo; e saben porque non son capaces de recoñecelo?, porque os seus intereses partidistas e políticos están por riba das cuestións que realmente lle importan ós galegos.

Galicia ten problemas, sanitarios e de todo tipo, como ten todo o mundo neestes momentos, pero Galicia está mellor cós demais, vostedes son incapaces de recoñecelo, e os galegos non son tontos. Non modifiquen o discurso, sigan outros dez anos dicindo que desaparece e, tal e como dixo o Sr. Castro, que a sanidade pública galega é un desastre; mentres vostedes o din aquí, centos e miles de profesionais galegos da sanidade pública seguirán a traballar para ter a mellor sanidade de España; onde están eses dismantelamentos e eses recortes cando estamos pedindo un servizo novo que vostedes foron incapaces de implantar cando gobernaron?, donde está?.

O hospital de Monforte de Lemos ten unha sala de reanimación, e ten unha sala de seguimento e un servizo de seguimento ós enfermos da comarca de Monforte de Lemos tanto para os operados coma os que necesitan un seguimento específico. E é certo que a integración na área sanitaria provincial de Lugo fai que os veciños de Monforte de Lemos teñan a mesma prioridade que os de Lugo na atención nas situacións máis complicadas que Monforte de Lemos, como hospital de distrito, non ten.

Polo tanto non imos votar en contra de pedir melloras, pero cambien de discurso, non son cribles, non os cre ninguén. Se a sanidade pública galega estivera en perigo en Monforte ou en Galicia os galegos non dirían o que din cada catro anos. Polo tanto tomémonos o serio en serio, e non sigan a facer demagogia e populismo coa sanidade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. García, é increíble a súa capacidade para esgotar o seu turno de palabra sen falar do que tiña que ver coa moción, porque non citou a UCI de Monforte, ó final deixou ver que votarían a favor da moción pero en verdade, e xa llo dixen antes, teñen un costume de citar aí unha serie de cousas, pero é que levan dez anos gobernando e se non tiveran nada que dicir de que fixeron algo no hospital de Monforte, xa sería un pouco máis grave.

Pero non acuse ó meu Grupo ou ó Grupo Socialista de populismo con isto, teña unha conversa co señor Dámaso que se abandeirou nesa promesa moitas veces, e explíquenlles que vostedes non ven necesario iso. E despois de cargarse as áreas sanitarias que veña dicindo que é



boísimo para a comarca de Lemos que non teñan área sanitaria porque así teñen a mesma prioridade que o resto de cidadáns da provincia no HULA, eu creo que iso non llo cre ningún.

Eu creo que coas áreas sanitarias estaban ben protexidos, mellor, pero non sei se na sanidade galega hai doentes de primeira ou de segunda segundo en que área sanitaria vivan, iso terá que explicalo vostede porque dixo aí unha cousa que eu non entendín. E vostedes presumían agora dos profesionais que traballan na sanidade galega, e vaia ver as protestas que teñen, os máis precarizados de todo o Estado, con contratos temporais e non sabendo onde van traballar ó día seguinte; iso é a mostra da súa sanidade pública.

Pero, repito, vostede entrevistou e aínda non sabemos, polo que dixo, se non van votar en contra da moción porque é impopular, pero na súa descrición segundo vostede non é necesaria unha UCI no hospital de Monforte, ou a mín me pareceu entender iso, non sei se os demais que están nesta sala o entenderon igual, explíquenolo.

É máis, se o Partido Popular considera que non debe haber unha UCI en Monforte dígao, pero dígallo tamén aos señores como o señor Dámaso que o prometen cada vez que hai mínimamente unha convocatoria electoral; polo tanto aclárense. Nós cremos que é máis que necesaria, e cos datos está máis que xustificada.

E logo dicir, como están dicindo co HULA, que só deixamos o espazo, é que as obras primeiro fanse e despois dótanse, se vostedes queren gobernar e non facer nada dígano, e de feito levan dez anos co HULA e non o terminaron de dotar, non sei de que presume ou que quere dicir.

Pero aquí trátase da necesidade de que haxa unha UCI no hospital de Monforte, e volvo dicirlle que é unha reivindicación histórica das veciñas e veciños da comarca de Lemos. E polo tanto nós cremos que dende esta Deputación hai que pedirlle á Xunta de Galicia que dote de UCI ó hospital de Monforte”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O caso de Monforte é un bo exemplo da arbitrariedade e a falta de lóxica coa que a Xunta perpetra a súa organización da sanidade pública; non busca garantir a cobertura, non fai falta UCI en Monforte, non busca a optimización dos servizos, e dende logo non ten en conta o marcado carácter rural nin a idade da poboación ou a dispersión, unha organización que non ten como obxectivo na sanidade dotar dun mellor servizo senón que parece máis ben adicada a outras cuestións.

Ademáis evidenciase tamén a falla de coherencia do Partido Popular xa que este mesmo Partido que aseguraba que as áreas sanitarias tiñan que artellarse entorno ós hospitais, e que había que apostar por modelos descentralizados que evitaran o colapso nos grandes centros, aprobou no 2017 a reforma da Lei de Saúde que camiñaba en dirección contraria.

E falando de datos, e moi brevemente porque non quero alongarme; señor García, aquí non se vén cunha política sistemática de ataque, non, aquí vense cunha demanda de reclamacións á Xunta sobre a sanidade pública galega no que respecta ós servizos que se prestan á nosa poboación nesta provincia; e porque?, pois é moi fácil, porque Feijóo tardou dez anos en igualar o orzamento destinado a materia sanitaria dende que entrou no goberno ata hoxe. Porque en dez anos hai 900 camas menos, de 10434 pasamos a 9500. Porque mentres descende o número de camas na situación que temos increméntase o risco de colapso. Porque antes da epidemia os expertos pedían xa reforzo en atención primaria e Feijóo recurto nun 21% a inversión, e ademáis descendemos a 1100 profesionais que son bastantes menos que no ano 2009.

E ademáis se temos en conta a taxa de ATSS, só como exemplo, dicirlle que en Galicia contamos con cinco e medio por cada 1000 habitantes, en España con seis e medio, e a media europea está en oito con oito; e ademáis a isto habería que sumarlle a precarización laboral, o feito de traballar hoxe nun lado, mañá noutro, en horarios diferentes, etc.

E polo tanto, Sr. García, aquí non estamos facendo un ataque, só estamos reclamando o que os veciños e veciñas da provincia de Lugo merecen, e dende logo para nós os afectados polo hospital de Monforte deberían ter unha UCI”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Non son capaces de concretar ningún deses desmantelamentos nin recortes do hospital de Monforte, absolutamente ningún. Veñen falar da UCI como demanda histórica, como dixo o Sr. Castro, unha demanda histórica que vostedes no seu bigoberno progresista paralizaron e non levaron adiante, pese a que tiña a Xunta naquel momento un orzamento record creo recordar de aproximadamente doce mil millóns de euros. Despois viñeron as vacas fracas e o goberno do Partido Popular foi capaz de manter tódolos servizos, e non só mantelos, e non os quero repetir, senón ir aumentándoos pouco a pouco nese distrito sanitario de Monforte de Lemos.

Polo tanto imos ser realistas, critican a lei das áreas sanitarias de Galicia cando vostedes foron os que a iniciaron, iso si, poñían o hospital da Mariña en Ferrol, o cal significa o estudado que tiñan ese proxecto de lei.

Nós non imos dicir se fai falla ou non, se é importante ou non agora, tal e como piden vostedes, a implantación dunha UCI inmediatamente tal e como di a moción, no hospital de Monforte de Lemos. Si que sabemos e si que defendemos que o servizo de reanimación e a unidade de reanimación do hospital de Monforte e tódolos servizos hospitalarios que conleva clínicamente cubren as necesidades que ten o propio hospital dentro da categoría de hospital que lóxicamente está deseñado.

Polo tanto iso si que é unha decisión que lle debe corresponder a un plan director baseado non en opinións políticas partidistas e de curto percorrido como son as que levan vostedes tendo dende hai dez anos en Monforte de Lemos co hospital de Monforte, senon en criterios técnicos e en criterios clínicos e médicos.

Polo tanto cremos que, anunciado o plan director do hospital de Monforte, no que ademáis se fala dunha inversión de quince millóns de euros, igual que se está a facer agora mesmo no hospital da Mariña, creo que son datos que o desminten, os galegos os desminten cada catro anos sobre a calidade do noso sistema público sanitario. E o Covid, a pandemia mundial, puxo a Galicia e á súa sanidade pública onde merece; deberíamos estar orgullosos todos do esforzo feito pola

sanidade pública galega para manernos nos mellores datos do Estado español, vostedes non, vostedes pensan que con atacar a Feijóo xa lles chega; non son capaces nin de recoñecer as loubanzas e os méritos que as propias autoridades sanitarias do Estado fixeron e fan coa situación en Galicia, comparado con outros lugares, coa calidade da nosa asistencia pública sanitaria.

Sigan así, sigan pensando que a sanidade pública en Galicia está en venda, que iso lles vai dar votos, que os galegos son tontos, que aquí estamos morrendo porque non temos un sistema sanitario de primeira división; pois sigan así. Mentres tanto a Xunta de Galicia ó seu, a investir e crer no futuro da sanidade pública en Galicia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Detrás de toda esa palabrería, Sr. García, vostede mesmo acaba ó final de resumir o que realmente pensa o Partido Popular, dixo que non sabía se un hospital da categoría de Monforte debería ter UCI ou non, díxoo así veladamente, e eu para que quede claro o que queren dicir con iso, eu entendo que queren dicir que como é un hospital de segunda división non ten porque ter UCI, que como xa teñen para reanimar trasladámoslos a Lugo e xa está.

Iso é o que hai detrás das súas palabras, Sr. García, pois nós cremos que non pode haber hospitais de segunda nin de primeira, e que vivamos onde vivamos temos dereito ós mesmos servizos; e polo tanto é máis que necesaria a UCI no hospital de Monforte”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido.

“Señor García, non me rebaixe vostede a categoría do hospital de Monforte, porque iso de que dubide de se ten a categoría suficiente para ter unha UCI, é que non é un ambulatorio senón que é un hospital.

E logo vostede ten unha confusión de número grande, porque fala dun presuposto de doce mil millóns de euros, eu estaba alí cando estaba vostede, e dende logo non vin que chegara o presuposto autonómico a esa cifra, non o vin. E os anos de goberno do bipartito que presidía o Sr.



Touriño, que a vostede lle gusta chamar bigoberno, agora podería chamarlle trigoberno ós de Madrid, ós de Murcia, ós de Castilla-León; era un goberno, o goberno da Xunta, tan lexítimo coma o que hai agora; pois ese goberno tomou posesión en agosto de 2005, e gobernou ata abril de 2009 que, por certo, a vostede faille graza, pero era un goberno progresista, que quere que lle fagamos?, se non lle gusta que lle imos facer!.

E sobre estas obras, señor García, vostede non o recorda pero eu si, eu fun á inauguración destas obras co Presidente Touriño, por certo que estaba alí un compañeiro seu que era o Sr. Dámaso, que tamén era Deputado de Monforte, e estivo tamén alí na inauguración das obras, e as obras fixéronse neses tres anos e medio do bigoberno que din vostedes, do bipartito que houbo afortunadamente naquela etapa.

Di que presentaron un plan director, si, hai xa anos anunciaron vostedes unhas obras que non sei se eran de catorce ou quince millóns de euros; o anuncio fíxose, as obras non, e senón veña comigo e miramos que obras fixeron con cargo a ese plan director, e cantos millóns deses quince están gastados, señor García. Hai que ter un respecto en primeiro lugar polos sanitarios do hospital de Monforte, e en segundo lugar polos cidadáns que pertencen a aquela área sanitaria. E esa é a verdade, pode gustar ou non”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII).

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do suministro inmediato de información (SII).

Exposición de Motivos:

No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no Suministro Inmediato de Información (SII), que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) conséntase que este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: “*La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones*”.



Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Hacienda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso desta Deputación a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi de 72.376.687,81€ e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 70.039.079,84€, o que nos obrigou a reintegrar ao Estado -2.337.607,97€. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresarnos os 1.260.836,83€ que nos corresponderían pola liquidación na Participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplicouse o SII, máis 394.243,94€ pola cesión directa de IVE. Isto faría un total de 3.992.688,74€ (2.337.607,97€+1.260.836,83€+394.243,94€).

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Hacienda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña “*xustificación real*” ou que “*ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA*”.

Porén, os meses pasan e nestes momentos as entidades locais necesitamos non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para as administracións locais galegas que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1. Declarar o apoio desta deputación provincial ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).

2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a esta deputación 3.992.688,74€ en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).

3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP”

Ante esta moción, o Grupo Provincial do BNG presenta unha emenda de engádegas, no seguinte teor:

“Engadir o seguinte punto:

Reclamar ó goberno do estado o pago dos incentivos habilitados para as autonomías cumpridoras da regra de gasto que no caso de Galicia ascenden a 170 millóns de euros”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Unha vez máis veñen a este Pleno as débedas do Goberno Central con Galicia e, neste caso, coa provincia de Lugo.

En febreiro xa trouxemos aquí unha moción similar reclamando o que reclamaba o goberno galego, o que liderou no seu día as reclamacións, o Presidente Feijóo, douscentos catro millóns de euros, ó que despois se foron unindo o resto de Comunidades.



No día de hoxe estamos aquí precisamente para concretar máis, neste caso tamén por motivo do IVE de 2017, dese desaxuste, o Estado débelle ás entidades locais, deputacións e concellos, unha cantidade importante; estaba contificada polo Presidente da FEMP, o socialista Caballero, inicialmente en 1200 millóns de euros, despois baixou a 800, agora ten un informe no que fala de 750 millóns de euros.

En Galicia son aproximadamente 54 millóns de euros; deses 54 millóns de euros, 4 corresponden á Deputación de Lugo; outros dous millóns e medio aproximadamente a diferntes concellos, por exemplo aquí teño no informe, por dicir algún, Abadín 20.000 euros, Foz 93.000 euros, nesa liña, Viveiro 150.000 euros, Monforte 175.000 euros; ou sexa que son cantidades importantes.

Como dicíamos naquel momento, o desaxuste vén pola implantación do servizo do Sistema SII de subministro inmediato de información que posibilitaba a levanza inmediata dos rexistros de facturación a través da sede electrónica da Axencia Tributaria. Iso foi moi positivo pero naquel momento ocasionou unha diminución dos ingresos previstos para o 2017, a favor do ano 2018. Esa ferramenta foi moi positiva, introduciuna o Partido Popular, e facilitoulle o traballo ás empresas, facilitoulle tamén o traballo á administración e neste caso á Axencia Tributria. Pero co principio de lealdade institucional que supoñíamos naquel momento, entendíamos que o Goberno nos próximos anos ía devolver, como se fai moitas veces coas liquidacións, en exercicios posteriores.

Naquel momento, cando fixeron a moción de censura alegábase que non había goberno, que un goberno en funcións non podería facelo, quedou sen pagar, tres anos despois estamos no mesmo, está sen pagar, ó PSOE parece que lle dá exactamente igual, e o que nos preocupa é que ó BNG pois tamén, como a petición era liderada polo Partido Popular tiña a menos apoiar ó goberno popular e non lle deu demasiada importancia.

E así estamos; o PSOE xordo porque non quere escoitar nin á FEMP nin ó goberno galego e a outros gobernos, e o BNG cego porque depositou a confinanza nun acordo de investidura que non trae feitos ningún; non sei se vostedes viron aquela película que era “no me chilles que no te veo”, era unha comedia americana na que un cego e un xordo eran testemuñas dun crime e non se

daban posto de acordo os dous para testificar. Pois neste caso o xordo é o Partido Socialista e o cego é o BNG, o crime son eses catro millóns de euros que son de tódolos lucenses e que non podemos dispoñer deles pola falta de vontade tanto do goberno como tamén da permisividade dos seus socios na investidura.

Que se podería facer con catro millóns de euros?, pois cousas moi importantes, estámolo vendo, en épocas de crise poderíanse axustar moitas cousas nesta crise; pero con catro millóns de euros o goberno está firmando convenios con alcaldes socialistas e nacionalistas que son moi positivos para esas localidades; voulles dar unha idea, con eses catro millóns de euros que recuperaríamos do IVE tamén poderíamos darlle convenios a esa outra metade de concellos que ó final non percibiron porque non están gobernados por gobernos socialistas.

Como sabemos que iso non o van facer, dámoslles outra idea; con eses catro millóns de euros se queren podemos facer o plan poscovid que marcou o Partido Popular no seu momento, que eran catro millóns de euros para dar axudas ó tecido económico empresarial e produtivo desta provincia. Vostedes nos negaron tamén eses catro millóns de euros.

Pódense facer moitísimas cousas con catro millóns de euros, e polo tanto pedimos o apoio de toda a Corporación para demandalos. Polo que pedimos declarar o apoio desta deputación provincial ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017. En segundo lugar instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a esta deputación case que catro millóns de euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017. E en terceiro lugar dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Castiñeira, eu creo que a postura do BNG neste tema é clara e pública; o noso Deputado en Madrid Néstor Rego ten feito declaracións e leva iniciativas ó Parlamento español sobre iso, e de feito nós sempre estivemos a favor diso e sempre tivemos unha dúbida que foi o que



pasou en Madrid, e hoxe traemos aquí tamén unha emenda no mesmo sentido, porque vostedes non queren reclamar os 170 millóns que se lle adebedan a Galicia por ser unha das autonomías cumpridoras na regra de gasto?; e é unha dúbida que nós temos, e sempre estivemos a favor de reclamar a contía total ó Estado, todas as que lle deben ós galegos e galegas e ós lucenses.

Polo tanto nós volvemos traer a mesma emenda que xa o Sr. Nestor Rego lle fixo ó seu Grupo Parlamentario en Madrid. Así que nós nunca estivemos en contra diso por esa descrición que fixo, o noso Grupo ten clara cal é a súa postura.

Despois, si que temos que chocar un pouco no que dixo dos catro millóns, fala de firmas de convenios con alcaldes e alcaldesas nacionalistas ou socialistas, pois eu creo que ten que ter un pouco de historia, o señor que ten ó lado era Vicepresidente cando vostedes batiron o record mundial de firmar convenios con concellos amigos en pouco menos de dous meses. Entonces esas leccións, creo que deberían míralo porque ó mellor os aceptan no *record Guinness*, porque esa dilixencia e esa premura que tiveron durante eses dous meses os desacredita, alo menos nun tempo, para non dar leccións sobre iso. Este goberno ten o Plan Único, por tanto por aí eu creo que se mete nun terreo pantanoso.

Repito, na reclamación ó Estado podemos estar de acordo, niso que quere agora dende a oposición de vir aquí con isto para mín choca que queiran dar leccións cando vostedes fixeron exactamente o contrario. Entonces evidentemente nós unímonos á reclamación de que o Estado aboe tódalas débedas que ten con toda Galicia, co goberno da autonomía e coas entidades locais; pero nesa descrición que fixo eu creo que teñen que dar un prazo para poder falar do que é facer convenios partidistas, un pouco máis de tempo fai falta para que a xente non se acorde dese record mundial.

Polo tanto nós, no mesmo sentido que fixo Nestor Rego en Madrid, presentamos esa engádegas porque cremos que é necesario que se reclamen tódalas débedas que ten o Estado con toda Galicia, e se é aceptada o noso voto será favorable”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que o PP estase acostumando nestes meses a repetir a presentación de mocións, repetiron unha sobre o solo industrial, e hoxe recuperan máis ou menos, como dicía o voceiro, a mesma moción que presentaron en febreiro. Esta reiteración en reclamarlle ó Goberno que repare as desfeitas que causaron vostedes non deixa de provocar un certo sonroxo, primeiro porque meter a pata a sabendas e despois pedirlle ós de enfronte que amañen o estropicio non parece moito de recibo.

Eu non sei dende logo onde estaba a Xunta, onde estaba o Presidente Feijóo, cando no 2017 Montoro cambiaba o modelo de liquidación do IVE e abría o camiño para esta situación, porque non atopo nos medios referencia a queixas ou advertenzas.

Vostedes, que tanto presumen de coñecementos económicos non tiñan no Partido ningún que advertise que co sistema de subministración inmediata de información o IVE de decembro non ía estar dispoñible e que quedaría un ano de once meses.

Saben vostedes que houbo xa un intento de resolver esta situación, que foi no seu día precisamente co proxecto de Lei de Presupostos do Estado para intentar modificar os prazos de pago do IVE, de maneira que puntualmente e de forma excepcional se recaudara o importe equivalente do Imposto ós trece meses para paliar ese mes que non se tiña percibido, e compensar así as Comunidades Autónomas. Pero efectivamente non houbo esa aprobación do Presuposto e non puido levarse a cabo.

Polo tanto eu creo que é convinte recordalo porque dá a sensación de que o Partido Popular aquí non tivo nada que ver, e foi precisamente quen orixinou este problema. Da mesma forma que nos creou os problemas para utilizar os recursos dispoñibles dos concellos, das deputacións, das comunidades autónomas; foi o Partido Popular cando gobernaron neste país os que puxeron limitacións e problemas a tódalas administracións sen ter en conta se estaban saneadas ou non, para poder dispoñer dos seus propios recursos económicos.

E é agora cando se adoptan medidas para poñer solucións a estes problemas creados polo seu Partido; o Consello de Ministros acordou a semana pasada na reunión do 20 de outubro



suspender o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública para os anos 2020 e 2021, como unha medida extraordinaria e que xa está en vigor, e que ten como obxecto dar flexibilidade e osíxeno ás administracións para que poidamos protexer mellor ás persoas e á economía fronte á pandemia do Covid-19.

E a moción, que xa non parecía defendible en febreiro, aínda o é menos agora, e durante a pandemia os concellos galegos comprobamos como a Xunta ninguneaba á Fegamp, porque eu tamén estou na executiva da Fegamp; e agora son vostedes os que veñen aquí para manifestar o apoio ás reivindicacións que fai a Fegamp e que fai a Femp, que efectivamente tamén ten o apoio do Grupo Provincial Socialista. Pero dende logo o que non vai ter o apoio do Grupo Provincial Socialista é o uso partidista que están vostedes a facer dende o Partido Popular, porque ademáis de crear o problema cando se refiren ó sectarismo que pode haber dende outros gobernos deixeme indicarlle que o que fixo a Xunta de Galicia durante todos estes anos, e vostede foi Alcalde e sabeo ben, o que conseguiu seguramente Foz con diferenza a outros concellos similares como pode ser Viveiro que incluso é máis grande, pois o financiamento que tivo seguramente o seu concello con respecto a outros similares.

Eu teño unha anécdota, estaba en Santiago nunha reunión e chámanme de Medio Rural para indicarme que pasara por alí para asinar un convenio co Agader, e íame ben porque ademáis estaba en Santiago e díxenlle que me pasaría de contado; non pasaron dez minutos para volver chamarme e dicirme: “ten que desculpar, non era o concello de Trabada, era o concello de Taboada”; así é como fai o Partido Popular e como nos trata ós concellos que non están gobernados pola súa mesma cor política; non asinamos un só convenio, os convenios repartíronos única e exclusivamente entre os concellos gobernados polo Partido Popular. E agora coa pandemia o que fixeron coas axudas e coas convocatorias en concorrència competitiva que hai para os concellos foi deixar a metade delas sen efecto.

Entonces que nos veñen aquí pedir a nós?, cando se fai un reparto de dous millóns escasos precisamente para paliar o abandono a que nos ten sometidos o Partido Popular naqueles concellos onde non goberna o mesmo Partido”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Xa vin que fixo efecto, que lles doe esa reclamación; non lla fai o Partido Popular senón que lla fan os máis de trinta concellos para os que non miran. De tódolos convenios que levan firmado nesta Deputación todos foron con concellos do PSOE e do BNG, só un con Mondoñedo.

Señores do PSOE xa sei que lles custa devolver os cartos, que os gastaron no PlanE e tivo que vir pagalos o Partido Popular; que agora non queren devolver estes; pero ó final son nosos e son para a provincia de Lugo, catro millóns de euros para a Deputación e case que dous millóns e medio para o resto dos concellos.

Sr. Castro, vostede fála do Sr. Rego, pero vólvolle outra vez á dichosa película que lle dicía antes, “no me chilles que no te veo”, ou sexa que non vale de nada ir alí, que non te escoiten, e despois darlles a confianza de goberno, se lles van aprobar agora os orzamentos cando os presenten, vostedes son así, o que ocorre é que lles gusta falar pero non conseguir absolutamente nada, se non conseguiron nada con Alcoa, non hai nada no BOE que se conseguira con Alcoa, está o estatuto das electrointensivas sen aprobar e vostede aí coa máscara de Alcoa. Teñen responsabilidades, como non as van ter!.

Nós si que lle imos admitir a emenda, aínda que nós non iamos por aí senón polo IVE, e aínda que cambia substancialmente a moción pero mellóraa, neste caso facemos o que o Partido Socialista non foi capaz de facer que foi precisamente mellorar a súa moción, xa verá como despois si que lle dá o apoio. Nós imos admitir esa.

Eu xa sabía que se ían picar co tema dos convenios; é moi sinxelo, cónganse ó segundo punto que lles propoñemos, se recuperamos eses catro millóns de euros destínenos a axudas nun plan poscovid para as empresas que o están necesitado, que somos das poucas Deputacións que non demos esas axudas, que non só é o Plan Único; estamos nunha situación diferente a outros anos e necesitanse axudas, a Xunta vai dar axudas, o Goberno vai dar axudas, porque vai recibilas precisamente da Unión Europea; a Deputación ten que poñerse nesa tesitura.



Polo tanto comprométanse aquí, se os recuperamos vai para ese Plan que propuxo o Partido Popular neste mesmo Pleno pero que se votou en contra por parte do PSOE e do BNG, dicían que non se podían usar os remanentes pero ó día seguinte usan o remanente para facer eses convenios con concellos amigos, que dicían que era para axudas ó Covid, diso nada porque se compraron desbrozadoras, algún depósito de incendios e demáis, é dicir para o Covid neses convenios absolutamente nada, eran simplemente para compromisos que vostedes tiñan con concellos amigos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou comezar pola parte máis amable que é agradecerlle que acepte a emenda, no que ten que ver coa moción imos votar a favor.

Con respecto ó tema de Alcoa, señor Castiñeira, que cargue a responsabilidade sobre o BNG, cun Deputado en Madrid, cando o único que fixo o BNG foi defender os intereses das traballadoras e traballadores de Alcoa e das auxiliares, e cando o Presidente Feijóo en campaña saíu coa afirmación tan clara e tan pouco confusa dicindo que se el gañaba as eleccións estaría solucionado o problema de Alcoa, e agora teñen a desfachatez de cargar a responsabilidade sobre o BNG; mire, a responsabilidade é dos dous gobernos, e a responsabilidade é do Sr. Feijóo que o outro día díxolle ó comité de empresa que aínda non era o momento de intervir, cando é o momento?, cando estean todos na rúa?.

Polo tanto non lle admito que faga bromas con iso, porque se alguén ten responsabilidade serán os gobernos, e o BNG o único que fixo dende o primeiro momento con Alcoa foi defender os intereses dos traballadores e traballadoras. E se votamos a favor da investidura do Sr. Sánchez é porque mentres o BNG teña representación e dependa del a ultradereita e o fascismo non vai entrar nas administracións públicas deste Estado”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nós evidentemente estamos de acordo en apoiar as reivindicacións da Fegamp e da Femp porque estas reivindicacións están acordadas cos concellos, cousa á que por certo non nos ten acostumados Feijóo en Galicia. Pero co que non estamos de acordo é coas manobras do Partido Popular, porque son vostedes os únicos culpables da situación que padecemos, o crime do que falaba o señor Castiñeira efectivamente existe pero é un crime creado por vostedes, polo señor Rajoy e por Montoro.

En canto ó que se refire ó plan poscovid, saben vostedes tan ben coma min que dende a Deputación se puxo a disposición dos concellos a través do Plan Único que puideran solicitar as axudas que estimaran necesarias para os seus veciños como administración máis cercana a eles, precisamente para paliar os problemas derivados desta pandemia, se ben hai que dicir que tampouco foron demasiados os concellos que solicitaron para esta liña os fondos.

E por outra banda, en canto ó que se refire ós convenios asinados maioritariamente con concellos socialistas ou nacionalistas, indicarlle que lembro que na Xunta de Goberno pasada aínda se aprobou, entre outras cousas, a mellora dunha vía provincial no concello de Sober, gobernado polo Partido Popular, ó que se achegan máis de 116.000 euros. Dende logo non son necesarios os convenios cando as inversións dende esta administración se fan de forma directa para mellorar infraestruturas que hai de titularidade provincial nos concellos gobernados con independencia da cor política que teñan, creo que iso hai que poñelo tamén en relevancia e de manifesto porque ás veces non se asinan convenios pero fanse investimentos importantes en tódolos concellos.

Para rematar, dicir que obviamente estamos a favor das reivindicacións que fan a Fegamp e a Femp, pero non imos entrar nesta maraña política que vostedes pretenden utilizar con isto”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Pois son as mesmas reivindicacións que estamos a facer aquí, o que pasa é que a vostedes doelles ir en contra do Goberno e apoiar unha moción que non é para o PP, é para a Deputación de Lugo, catro millóns de euros que lles virían moi ben a tódolos lucenses, ós trescentos trinta mil.



E non me fale do Plan Único, porque é o mesmo no 2020, que hai pandemia e crise, ca no ano 2019 que non a había, simplemente cambian a letra que iso non nos engana absolutamente a ninguén, ó final quen sofre son os concellos que diminúen as súas inversións se queren facer algo contra o Covid.

Sr. Castro, de verdade que non pode contar mentiras; o Sr. Feijóo cando veu a Lugo dixo que se o Partido Popular gobernaba en Madrid, porque eran unhas eleccións nacionais, lea o periódico, o Sr. Feijóo ía ocuparse de que se aprobase o estatuto electointensivo e de que se solucionara o problema de Alcoa, léano, igual o que lles fai falta é ler e non falar por tuitos ou facebook, e non conte mentiras”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“A realidade é que en Ourense non hai Plan Único, e alí goberna o Partido Popular, chame ó señor Baltar e dígalle que vaia facendo alí un Plan Único que estou seguro de que ós veciños de Ourense vailles vir moi ben.

E en relación cos convenios, señor Castiñeira, case que de convenios mellor non falemos, porque a experiencia de vostedes aquí na Deputación non supera a proba do algodón. E os convenios que asina a Xunta do Partido Popular, acabase de dicir aquí, é o exemplo da arbitrariedade, porque a mín en Monforte non me fan nin un, sendo a capital da Ribeira Sacra, comprometeume varios, mandeille os proxectos, refíxenos como me mandaron, e aínda hoxe non os fixeron, e polo mesmo motivo en Pantón dúas veces e en Sober dúas ou tres.

Iso é a obxectividade pura, a súa obxectividade, a do Partido Popular que goberna na Xunta de Galicia. Esa é a realidade, e cando queira eu si que lle deixo pasar a proba do algodón, veña vostede ó concello de Monforte e comprobeo, entre nos arquivos, faga o que queira, mire todo o que considere oportuno, e verá cal é a realidade señor Castiñeira. Non acuse vostede ós demais do que vostede non fai”.

Rematado o debate, efectuada a votación da moción coa inclusión da emenda do Grupo Provincial do BNG que foi aceptada polo Grupo proponente da moción, e verificada a mesma, dá o

seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada incluída a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A DIRIXIRSE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE INICIE OS TRÁMITES QUE PERMITAN MELLORAR O MARCO NORMATIVO QUE REGULA O DELITO DE USURPACIÓN DE INMOBLES PARA COMBATER MÁIS EFICAZMENTE A OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“José Antonio García López, na súa calidade de vicevoceiro segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno da Deputación a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles para combater máis eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

Exposición de Motivos:

Cada vez son máis o número de cidadáns que son vítimas dun delito usurpación de vivendas, por unha banda os que sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada e por outra as persoas que residen nos inmobles onde se producen ocupacións ilegais de vivendas e mesmo en rúas e barrios enteiros que se converten en focos de delincuencia producindo un forte quebranto da convivencia veciñal.

Actualmente non hai no noso ordenamento xurídico unha base xurídica suficiente que permita dar encaixe e respaldo xurídico tanto á actuación das Forzas e Corpos de Seguridade como



aos Tribunais de Xustiza para facer fronte á problemática da *okupación* ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos algo que non se pode permitir nun Estado de Dereito.

Estes feitos delituosos provocan que o propietario do inmovble *okupado* teña que iniciar un longo e custoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes que, como moito serán condenados a unha multa que, na maioría dos casos, nin se fai efectiva; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes, ademais do estado ruinoso no que acostuman deixar o inmovble cando son desaloxados.

Hai que poñer tamén de manifesto a problemática que sofren os veciños dos inmovbles *okupados*, que residen legalmente nos mesmos edificios de vivendas *okupadas*, que viven en moitos casos situacións insostibles debido ao clima existente nas comunidades; polos actos vandálicos e os comportamentos incívicos de moitos ocupantes, polo que requiren a intervención dos Corpos e Forzas de Seguridade que, no actual marco legislativo, non poden realizar intervención algunha salvo nos casos de flagrante delito.

Ante a inacción do goberno de España algunhas Fiscalías de Comunidades Autónomas están adoptando medidas no seu ámbito territorial. Exemplos como a Instrución do Fiscal Superior das Illes Balears ou da Fiscalía de Valencia dando cobertura á actuación directa e inmediata dos Corpos e Forzas de Seguridade sen necesidade de solicitar medidas xudiciais cando a ocupación ilegal dun inmovble revista características de delito desaloxando aos ocupantes ilegais e procedendo á súa detención.

A actual Fiscal Xeral do Estado ven de anunciar unha instrución aos fiscais sobre como abordar a *okupación* de vivendas aínda que tamén declarou que non faltan resortes nas leis para impedir ou corrixir as ocupacións ilegais. En calquera caso resultan insuficientes os recursos normativos vixentes actualmente para facer fronte á ocupación ilegal.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo:

1.- Manifesta o seu firme compromiso co Estado de dereito e coa defensa da propiedade privada, como dereito fundamental recollido no artigo 33 da Constitución Española, e a loita contra a ocupación ilegal de vivendas.

Un compromiso que é compatible co apoio e protección a aqueles veciños e familias que se atopan en situación de emerxencia social, vulnerabilidade o exclusión social por motivo de vivenda.

2.- Insta ao goberno provincial a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código Penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A previsión dun procedemento ou xuízo rápido ou inmediato que axilice o tempo dos litixios derivados da ocupación ilegal de inmobles en menos de 48 horas.

c) Establecer a prohibición de que as persoas que ocupen ilegalmente un inmueble podan empadroarse no mesmo.

d) As modificacións legislativas tendentes a reforzar e facilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal, concretamente posibilitar que no prazo de 12 horas, dende que se teña denunciado a ocupación ilegal dunha vivenda, os Corps e Forzas de seguridade do Estado podan desaloxar ese inmueble; así como para mellorar a convivencia veciñal conferindo medios de defensa xurídica ás comunidades de propietarios, co fin de corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e cousas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Intentarei amosar ó longo dos seguintes minutos os motivos polos cales entendemos que a moción que estamos a defender neste intre é razoable, fundamentada, lóxica, e polo tanto merecente do apoio deste pleno.

E aínda que son consciente de que unha minoría dentro do mesmo antepón a súa ideoloxía ós intereses reais da veciñanza, agardo ter atopado verbas con peso suficiente como para acadar o apoio de todos.

A problemática da usurpación de vivendas, usurpación no seu senso máis amplo, o que todo o mundo entende por ocupación e non necesariamente o que agora mesmo define como tal a lexislación vixente, é un problema, e de feito é un problema grave. É un problema grave pois atinxe á propiedade privada e que, xunto coa vida e a liberdade, conforman os dereitos humanos. É un problema grave porque é un problema en crecemento que atopa campo aboado nunha lexislación obsoleta e ineficaz, É un problema grave porque afecta a un ben básico como o da vivenda xenerando inseguridade xurídica e alterando o necesario mercado inmobiliario tanto en propiedade como en alugueiro. É un problema grave a nivel estatístico, segundo os datos oficiais máis recentes publicados a ocupación creceu un 58% en tan só cinco anos, e este fenómeno delictivo, se cadra de maior importancia nas grandes cidades, avanza tamén cara a zona de menor densidade poboacional.

Á ocupación, permítaseme que empregue o termo para englobar o máis amplo concepto posible de usurpación, podemos achegarnos dende varios puntos de vista; o do propietario que ve violentados os seus dereitos, o dos veciños que sofren quebranto da convivencia e a anguria de que lles poda ocorrer a eles, o da persoa que se atopa nunha situación de emerxencia social, de vulnerabilidade e exclusión por mor da vivenda; e cómpre salientar aquí que non é este o perfil habitual do okupa; o apoio e protección destas persoas en risco de exclusión non só é desexable senón que dende o punto de vista dos populares é imprescindible nunha sociedade como a que supoño tentamos construír todos, e prego desculpas ós compañeiros ultra por incluílos nunha declaración a prol de construír.

Nembargantes ese apoio e protección é perfectamente compatible co apoio e protección ós propietarios afectados pola ocupación e os seus veciños, non existe un conflito de dereitos entre a propiedade privada e o dereito á vivenda, porque este dereito á vivenda non pode entenderse como

escusa para violar os dereitos de terceiros. O dereito a unha vivenda non é sinónimo de dereito a unha vivenda gratis.

A ocupación xera no lexítimo propietario e nos seus veciños ansiedade e alarma, provoca custes económicos e a tensión relacionada coa impotencia ante conductas que rematan por ficar impunes. Os recursos normativos actuais resultan insuficientes para facer fronte ós okupas, insuficientes para garantir un marco normativo que permita a actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado, e insuficientes para acurtar os procesos xudiciais que por alongarse no tempo afástanse da xustiza.

A defensa da ocupación por parte de políticos con responsabilidades de goberno é algo que non deixa de abraíarme, e as falacias coas que tentan substantar esta defensa resultan amolantes. Poñerse a falar de fondos buitres e de dereitos conculcados é mentir á veciñanza; plantexar a posibilidade de que a xente demande unha modificación da lexislación vixente para favorecer o desafiuizamento por impago de hipotecas fai pensar en conspiranoicos que empregan gorriños de papel de prata para evitar seren detectados polos alieníxenas.

Aproveitar este debate para tentar espallar o discurso ultra e asocial contra do sistema financeiro ou o libre mercado é directamente terrorismo cultural, e a intención de desvirtuar este debate intentando facer ver que a ocupación é algo inexistente na práctica, só pode entenderse dende unha perspectiva hipócrita e cínica; se os 12.214 casos de ocupación ilegal denunciados no ano 2018 en España non son suficientes como para considerar a ocupación coma un problema, logo a sustración de vehículos, 6872 denuncias, ou o roubo con violencia e intimidación, 7093 denuncias, son cuestións de menor entidade aínda.

E iso que estamos a falar de cifras oficiais, non se inclúen as ocupacións non denunciadas, e supoño que todos estamos de acordo en que pode existir o crime sen a denuncia. Non estamos a pedir un simple endurecemento das penas existentes, senón unha reformulación completa e axeitada das ferramentas normativas existentes para englobar na mesma tódalas situacións nas que o propietario dunha vivenda vexa violentado o seu lexítimo dereito; e para loitar contra este tipo de situacións, desaloxos rápidos, axilización do proceso penal, nulidade da inscrición no Padrón para evitar que o ocupa dun inmovible poda beneficiarse da condición de residente no mesmo.



E lembren vostedes que ningunha destas propostas é incompatible con adoptar medidas de protección da xente que realmente está a padecer unha situación de necesidade. O problema da ocupación, da criminalidade relacionada coa mesma, e das mafias que artellan estes comportamentos xera alarma na nosa sociedade, e é mester unha revisión legal que defina de forma clara a ocupación ilegal, e impida que os ocupas tenten ampararse en resquicios legais ou en dereitos que asisten á cidadanía que actúa legalmente.

Por estes motivos os populares presentamos esta moción para que o Pleno desta Deputación amose o seu apoio a unha demanda beneficosa e prudente, para que se fagan os deberes en tempo e forma, e para que por unha vez non adiemos o traballo e aportemos solucións a problemas reais que van en aumento”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Na pregunta que se facía ó comezo, non pregunta senón esa esperanza de atopar as palabras para convencer a non sei que Grupos, a min non me convenceu, nin ao meu Grupo tampouco.

Está moi ben, quizá soa un pouco arcaico o seu discurso, para algúns sectores eu creo que chega pero ó noso non chegou, porque para dimensionar o problema real da ocupación ou non ocupación os datos que poden recabar, non os atopei de toda a provincia, pero si da cidade de Lugo, e seguramente sexa a poboación na provincia con máis incidencias deste tipo de casos, segundo un informe da Policía Local lucense o número de casos totais son seis na cidade de Lugo, e os seis en edificios con risco estrutural, edificios abandonados ou semi abandonados, e os seis de familias en risco de exclusión.

Polo tanto como se soluciona o problema da ocupación en Lugo?, pois con política de vivenda, se esas familias tiveran, como di a Constitución e como debería garantir a Xunta de Galicia que ten competencias en vivenda, acceso a unha vivenda digna non entrarían nun edificio en ruínas que seguramente preferirían criar á súa familia nun edificio en condicións.

Polo tanto a nós este discurso que se está dando bombo por un montón de medios, vostede falaba de ideoloxía, curiosamente vén sempre dende o mesmo lado, incluso auspiciados por case Grupos paramilitares de ideoloxía neofascista que se adican a desalojar xente, pois nós non imos contribuir, porque nós poñemos o problema nesas familias en risco de exclusión, que iso si que nos parecen moitas, se hai seis familias en Lugo, e máis haberá na provincia, que necesitan ocupar unha vivenda en ruínas para vivir, pois iso si que é un problema; pero iso non se soluciona con lexislación, soluciónase con inversión para que todo o mundo teña acceso a unha vivenda digna.

Polo tanto a postura do Bloque Nacionalista Galego é garantir o acceso á vivenda digna, e deixar de montar un bulo que parece aquí que estamos construindo e que non é un problema real. Porque ademais imos deixarnos de mentiras, porque vostede fala de mentir, na lexislación actual se ocupan unha vivenda, que é a tua vivenda, iso non é unha ocupación e non gañan ningún dereito, iso é allanamento de morada, e sen orde xudicial nin nada a policía, a garda civil, ou calquera grupo de seguridade do Estado, desaloxa a casa nun momento.

Así que nós ese problema non o vemos, e si que vemos un problema en que haxa esas seis familias e outras máis sen acceso a unha vivenda digna. Polo tanto evidentemente nós imos votar en contra porque non queremos seguir con ese globo que están montando dende a parte máis dereita da ideoloxía nun problema que non hai, o problema é o acceso á vivenda”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Ana González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Por parte do Grupo Socialista vai ter que seguir tamén agardando a que nos posicionemos nesa súa lóxica razoable e problema gravísimo do que nos aporta datos do 2018, estamos no 2020, e tampouco refire de onde veñen eses datos.

A min póñense os pelos de punta, e desculpen pola expresión, solamente lendo a exposición de motivos desta proposición. Fala de que cada vez son máis vítimas da usurpación, que hai rúas e barrios enteiros ategados de delincuencia, pois eu nos que vivo e os que frecuento están



ateigados de veciños, de veciñas, coas súas diversidades e coas súas problemáticas, pero dende logo que non son delincuentes.

Fala de que algunhas fiscalías, supoño que se referirá a Murcia, a Baleares, e a Valencia, que desaloxan, pois fano todas as fiscalías de tódalas provincias. E falan tamén de que a Fiscalía Xeral ven de anunciar, non, xa se publicou, por iso hai que deixar de mentir, esa Instrucción, esas Ordes, eses Protocolos, que non só defenden a ambas partes implicadas no proceso, senón que ademáis contemplan actualmente a protección desas familias máis vulnerables, así como das partes implicadas como xa viña dicindo.

Miren, é unha moción moi xenérica, se van ó 2018 por favor actualícense, ou alo menos presenten unha moción que dende setembro veñen anunciando, por isto de que saíu nos medios, con datos recentes non de 2018. Nós traballamos, e buscando eses datos enterámonos de que o PP ata non coñece o alcance real; é dicir, a Consellería, a señora Vázquez Mejuto, acaba de anunciar que vai pedir un mapa de onde están esas vivendas ocupadas porque aínda non o sabe. Polo tanto o PP non coñece o alcance da situación.

E voulle dicir, en Galicia hai máis de 330.000 vivendas baleiras, das que se supón que hai procesos iniciados de ocupación de 400, non chega ó 0,12% de ocupación en relación ás casas baleiras. E Lugo, concretamente na provincia, 55000 vivendas baleiras, non chega ó 0,16 de ocupación. E en Lugo capital, como ben dixo o compañeiro do BNG, hai seis denuncias, unha máis có ano pasado; non sei de onde saca eses datos de que se incrementa máis do 50% de usurpación.

E despois seguindo con datos, a Delegación do Goberno de Galicia, máis a fiscalía, que xa se reuniron e que din que non existen as mafias que vostedes din promotoras desta situación; que hai leis suficientes, como é o Código Penal que xa estipula as condicións; que hai instrucións moi recentes do 15 e 16 de setembro, que homoxenizan o traballo tanto dos Corpos de Seguridade, coma do Poder Xudicial, coma dos gobernos locais, autonómicos e estatais; un Protocolo para os Corpos de Seguridade, que tamén existe dende setembro.

Ademáis piden que se faga un cambio normativo; ese cambio normativo do ano 95 gobernando Felipe González, o Partido Popular votou en contra; no 2010, gobernando Zapatero, e

ademáis pretendíase modificar o 245 do Código Penal, abstivéronse; tiveron dúas maiorías absolutas e non fixeron absolutamente nada. E agora, e incluso onte na Coruña desaloxouse un edificio enteiro de okupas, e todos os organismos implicados din que esta nova normativa está apoiando, facilitando, e dando mellor resposta ó desaloxamento, que tamén lle digo por certo que son quince veces máis que os casos de ocupación que hai. É dicir, en Galicia preto de 3000 desaloxos fronte ás 140 denuncias de ocupación que hai.

Polo tanto eu non sei de onde sacan os datos. Dicía a súa compañeira que nós xeramos alarma, pois a alarma que xera o Partido Popular neste caso, que non o digo eu, que ó mellor non me toman en serio ou pensan que non busquei os datos en medios oficiais, pero o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sostivo no seu discurso de apertura do ano xudicial, que creo que é algo importante, que a alarma xerada sobre ocupacións de vivendas aséntase nunha situación paradoxal xa que non está avaliada con ningún tipo de datos, e segundo a estatística do primeiro semestre do Consello Xeral do Poder Xudicial en 2020 hai 51 demandas por este caso, e 65 en 2019, iso é aumentar ou diminuír?.

Máis datos, “o Tribunal Superior reitera que diminúe a ocupación”, incluso a Conselleira declara nos medios, no Correo Galego, para que non pense que é prensa que pode vir ó noso favor, di que pese a existir ese problema lóxicamente con cen denuncias activas, non é un gran problema, e as comunidades de veciños en representación dos veciños din que este problema non se agravou moito dende o ano pasado. E os xulgados galegos, que din que hai unha diminución nas demandas por ocupación do 15, 6%”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A verdade é que non vou dignificar a intervención do compañeiro ultra cunha resposta.

Señora Abelleira, se os datos son de 2018 pode ser que na web do Ministerio non o teñan actualizado, quizá pola eficiente xestión do Partido Socialista e os seus socios no goberno.



Coido que non está aínda todo perdido, por iso compañeiros socialistas pídolles que pensen, quero que pensen no señor Prado que empregou os aforros dunha vida de traballo en mercar unha casa nesta cidade para alquilala e completar os seus ingresos, e leva meses sen ela porque os okupas decidiron que se vive ben na Praza do Campo.

Quero que pensen en Jaime Gueimonde, en Jairo López, Rubén Villanueva, Prudencio González, e nos demais veciños do barrio das Gándaras que tiveron que botarse ás rúas para protestar e amosar a súa inqueda polos problemas de convivencia que xeraba a ocupación das súas vivendas.

Quero que pensen en Ana Belén Pombo, coruñesa, que chegou a Lugo estudar veterinaria e casou cun lugués, que teñen dous nenos pequenos, e que contaban co aluguer do piso do marido para facer fronte ós seus gastos, e atópase dende hai dous anos coa casa ocupada e os servizos sociais do concello de Lugo desentendéndose do problema, e isto sábeo vostede ben porque foi vostede quen lle dixo que non ía facer nada.

Quero que pensen en Lois Lodeiro, herdeiro dunha casa na Chanca e que se atopa con gastos e quebradeiros de cabeza por mor da ocupación da súa propiedade. Quero que pensen na señora Maruja que apañaba castañas para vender no mercado da praza de abastos e ir aforrando para mellorar a súa casa, e na sobriña, Margarita, que herdou unha casa construída coa suor dunha muller honesta e traballadora para atopala ocupada da noite para a mañá. Quero que pensen nos veciños da Milagrosa, da Chanca, da Ponte, das Gándaras, do Carmen, que están a sufrir as consecuencias dunha situación que nin buscaron nin desexaron, e perante a cal ningún pode axudarlles, porque a lexislación vixente non é axeitada para facer fronte ós desafíos que se plantexan.

Quero que pensen nos seus propios veciños, nos de Ribeira de Piquín, de Trabada, de Láncara, de Monforte, de Viveiro, de Castroverde, Pedrafita, Antas e Xermade, e en como explicarlles que non están de acordo en solicitar unha modificación lexislativa que facilite que, de seren eles os seguintes, as cousas han ser diferentes.

Quero que pensen nesa Federación de Asociacións de Veciños, que non só está a facer fotos co señor Presidente, cando piden que a ocupación teña consecuencias para os okupas e non para quen os sofre. Quero que pensen en Lara Méndez López, alcaldesa de Lugo, que para facer unha rolda de prensa no Camiño Real tivo que levar dúas patrullas da municipal porque tiña medo do que estaba a acontecer na rúa que se emprega para ir ó centro de saúde de Lugo. E quero que pensen nos veciños da Milagrosa que non teñen esas patrullas da policía municipal á súa disposición cando van ó centro de saúde. Quero que pensen en todos estes nomes e en tódolos que non nomeei, e que se pregunten se poden miralos á cara e dicirlles que están dicindo cousas que non existen.

Quero que hoxe voten con nós, compañeiros socialistas, a carón dos veciños e da xente honrada, soltándose da cadea ideolóxica que lles impón un socio que, non teñan vostedes medo, non vai romper o goberno por isto. Quero que hoxe, compañeiros socialistas, votemos todos en conciencia a favor dos veciños honrados e en contra da ocupación de vivendas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Que vostede me tilde de ultra, onde me sitúa é nun espazo de confort porque evidentemente estamos nun extremo moi oposto da ideoloxía, e niso, a mín e ó meu Grupo, deixanos nunha situación de confort porque temos moi claro onde estamos.

E voulle dicir, eu non quero afondar moito no bulo da dereita mediática sobre a ocupación ou non, pero volvo dicirlle que en quen nós pensamos, con quen estamos, e debemos estar tódalas administracións, é con esa xente en risco de exclusión, é con eses barrios que vostede tilda de cheos de delincuentes e que tende a estigmatizar e facer guetos, e queren copiar quizá do modelo Trump, esa xente vive nuns barrios con vivendas deficientes porque non ten outros medios, e porque esta sociedade non somos capaces de darlle un medio de vida mellor.

E para nós esa xente humilde, esa xente que é a xente traballadora, e algúns que emigraron para tratar de mellorar porque tiñan condicións duras nos seus países, como fixeron os galegos e galegas durante moito tempo, para nós eses non son delincuentes; e para nós o que temos que facer



é traballar para darlles oportunidades para ter unha vida digna, e dentro desas oportunidades é o acceso a unha vivenda digna, e o que deberían facer os gobernos, en vez de legislar e estigmatizar, e é comentarios filorracistas, como é o da súa moción, porque dicir barrios cheos de delincuencia ronda o que ronda, o que deberíamos facer é defender as clases máis humildes.

E niso é onde están os ultras do BNG, na defensa a ultranza das clases máis humildes, e na defensa ó dereito a unha vivenda digna e a un posto de traballo para poder vivir dignamente, e aí é onde está a nosa ideoloxía; e se para vostede defender as clases humildes e estar en contra de que se fagan guetos e que se estigmaticen e chamar delincuentes ós inmigrantes, iso é ser un ultra?, pois nós somos ultras da defensa das clases máis humildes deste país e de todo o mundo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Ana González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Mire, se isto fora o plató de Luar da TVG, xa estarían expulsados por interese e manipulación da información, como lles pasou a esas mozas das Regueifas que por defender a galega foron expulsados.

Vostedes manipulan, digolle que en Lugo o problema é do 0,16; tamén me recorda aquelas cifras de que a violencia de xénero non existía, que había moita denuncia falsa, coma eses 0,00000, pois este é o 0,16

Nós interesámonos pola xente e pensamos na veciñanza, pero aquí hai dúas partes implicadas que teñen dereitos e obrigas, pero o PP o interese que ten é por sacar eses perigosos delincuentes, antisociais, pobres sen teito, ós que tamén se lles están vulnerando os dereitos. E a normativa existe, e hai unha Instrucción dende setembro, por favor léana, e datos no IGE, no INE, onde queira buscar, non no Ministerio, porque as competencias en materia de vivenda son exclusivas da Xunta de Galicia; e ata a señora Vázquez se permitiu facer unha “Ayuso”, no que dixo que en limitadas competencias, o artigo 27 do Estatuto de Autonomía é claro e establece as competencias exclusivas en materia de vivenda.

Vayan ó fondo do asunto, e voulle dicir cal é o fondo do asunto; dende que hai rexistros en materia de vivenda o Sr. Feijóo é o que menos vivenda protexida sacou, incluso Fraga nos seus mandatos, agás o primeiro, sacou máis de dez mil vivendas protexidas; o bipartito, como a vostedes lles gusta chamalo, o BNG e os socialistas, máis de 10.000 vivendas ofrecidas de protección; sabe cantas sacou o Sr. Feijóo na última lexislatura?, 24, iso si que é vegoñento; porque hai problema de vivenda?, porque non se protexen nin se atenden as demandas de máis de 8000 persoas que as están demandando, que no plan de vivendas só se meteron dezaseis inmobles na vivenda baleira; que se denega o 80% de axudas ó aluguer no 2019; e que a vivenda, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, é xa o primeiro factor de exclusión de Galicia.

Polo tanto o problema do PP non é ese 0,16 de ocupación, o problema do PP é a estigmatización, é o non querer traballar polas persoas verdadeiramente necesitadas. Polo tanto fágano mirar, por favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Debo dicir que é a primeira vez dende que son Deputado que teño escritas de antemán tódalas intervencións do Pleno; sabía palabra por palabra tódalas escusas absolutamente falsas e absurdas que ían poñer por non defender esta moción.

Evidentemente esta reforma legal que plantexamos non esquece nin impide a protección das persoas, as solucións, como o Pacto Social pola Vivenda, que a Conselleira Angeles Vázquez está a ultimar, estará aberta á participación da oposición, xa podía tomar nota disto o señor Presidente da Deputación agora ó falar dos orzamentos por exemplo.

Esta reforma legal plantexa a necesidade de facer fronte a un problema real que non podemos obviar, é a resposta a unha inxerencia social non a un bulo, intenta dar solución á actual inseguridade xurídica, e non é incompatible coa defensa dos máis desfavorecido, que é xustamente o que non sabe facer o Bloque nunca.



Esta reforma legal é beneficiosa para os nosos veciños, e hoxe é o día de amosar, se o Presidente da Deputación e os compañeiros socialistas teñen algo de valor, ou prefiren adicarse perante as esixencias ultras dos seus socios. É o día de votar a favor a prol dunha moción”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO EN RELACIÓN COA SUBSTITUCIÓN/MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2020, RELATIVO AO CONCELLO DE TRABADA.

Para os efectos previstos nas bases do Plan Único 2020, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “...*motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e ustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou sustituir un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...*” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Trabada, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, do que se acompaña certificación do citado acordo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

11.- CONTA DO INFORME ANUAL 2019 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 12.2 DA LEI 25/2013, DE 27 DE DECEMBRO, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO.

Dada conta do informe anual 2019 sobre o cumprimento en materia de morosidade de conformidade co establecido no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable de facturas no sector público. O Pleno da Corporación queda enterado.

12.- CONTA DA AUDITORÍA DE SISTEMAS ANUAL DO EXERCICIO 2019 DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.

O Pleno da Corporación queda enterado da Auditoría de sistemas anual do exercicio 2019 de verificación do cumprimento das condicións de funcionamento do Rexistro Contable de Facturas.

13.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de setembro de dous mil vinte, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2706 ao 3093. O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dous Rogos e duas Preguntas formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU-P-5602 “Samos-Pintín-Sarria”.

Intervén, para formular o Rogo, o señor Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Trátase dun rogo, que é a repetición literal doutro que se fixo nesta mesma Cámara hai un ano. A estrada provincial LU-P-5602 “Samos-Pintín-Sarria”, está nunha situación de total abandono por parte desta Deputación titular, o cal engarza ademáis cunha solicitude que levamos facendo xa dende hai tempo en canto á situación de moitas estradas provinciais, e a situación e a función que vostede, como delegado das mesmas, está a realizar, que cremos simplemente, e sempre confiando na súa boa fe, que é que non dá para máis. Polo tanto neste sentido engarza con todas estas cuestións que estamos analizando.

Hai un ano dixéronnos neste Rogo que se daban por enterados, dar daríanse pero nada fixeron, agardamos que esta segunda vez sexa vostede un futuro delegado deste sector tan importante dentro das obrigas desta Deputación, se dea por enterado, e nesta estrada se realicen as melloras e o acondicionamento, de forma expresa a limpeza de cunetas e encauzamento das augas que están nunha situación neste segundo inverno de auténtica desidia e abandono, e nunha situación de inseguridade da que dende logo son responsables en caso de calquera desgraza que non desexamos”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Tomamos nota do seu rogo; pero, vostedes que nos acusan a nós de chegar sempre tarde, debo dicirlle que, se non me fallan os datos, esta estrada vaise arranxar próximamente, o que quere dicir que xa se fixo o proxecto antes, non agora cando vostede presentou o rogo. Así que non se preocupe vostede porque se vai arranxar.

E xa vexo que vostede me ten cariño, pero eu creo que nos últimos quince meses non se estropearon tódalas carreteras da provincia, supoño que cando vostedes apoiaron certas peticións de arranxos, de gastar quince millóns de euros, cando vostedes dominaban a Deputación dende fóra; pois iso é xustamente o que custaría agora, se tiveramos eses quince millóns de euros, arranxar os bacheos de toda a provincia; claro que gastárono como o gastaron, e que lle imos facer!.

En todo caso, para o seu rogo, non se preocupe porque ten resposta, é dicir que se vai arranxar pronto”.

Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación coa estrada LU-P-1301.

Intervén, para formular o Rogo, a señora Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A Deputación de Lugo xestiona un total de 4.200 quilómetros de estradas, polo que resulta obvio concluir que o seu acondicionamento e erranxo son competencias propias.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular constatamos que son varias as vías que precisan dunha actuación urxente. É o caso da LU-P-1301, que comunica os municipios de Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro. Cocretamente, son seis quilómetros os que presentan unha maior necesidade pois, ademáis de que esta estrada comunica con outras das infraestruturas principais da provincia, a A-6, é a espiña dorsal deste concello xunto coa LU-651; comunicación esta última de titularidade autonómica.

Por tanto, consideramos que esta actuación debe ser unha prioridade para o goberno provincial, xa que non podemos esquecer que, por unha banda, O Caurel vén de ser declarado



recentemente Xeoparque Mundial da Unesco e, pola outra, sofre un illamento acusado. Ademáis, as vías deste municipio tamén son unhas das máis afectadas polos temporais de inverno debido á situación xeográfica e orográfica deste concello. Recordo tamén que é unha porta de entrada dende a A-6 á Ribeira Sacra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

Que se inclúa unha partida económica no orzamento da institución provincial para o ano 2021 para acometer o arranxo inmediato dos seis quilómetros da estrada LU-P-1301, que comunica Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Como vostede sabe, un rogo non se contesta, pero permítame facer unha reflexión. Alégrome, señora Castro, de que formule este rogo, e agradézolle a súa preocupación, porque xa vexo que o tratou no pleno do concello e agora o trae ó pleno desta Corporación.

Pero é boa verdade o dito que di que non ve vostede a viga no seu propio ollo, e sen embargo vé vostede a palla no ollo alleo, fíxese que hai diferenza de tamaño. Preocúpase vostede polo que pasa noutro concello, que eu saiba vostede non é Alcaldesa de Pedrafita, e esquece o seu propio concello que é o Courel.

O seu rogo, como lle acabo de dicir, que eu saiba, agás que estea equivocado, compételle ó concello de Pedrafita do Cebreiro, porque eses seis quilómetros de estrada que vostede cita están en territorio do Concello de Pedrafita do Cebreiro. E desta estrada xa se ocupou o Alcalde, D. José Luis Raposo, que está aquí, porque está no seu concello, e lóxicamente como Alcalde é a súa obriga, e así o fixo. Por certo, señora Castro, como lle gusta dicir a vostedes, chega vostede tarde dúas veces; a primeira porque estamos cumprindo o compromiso que adquirín de arranxar neste mandato esa estrada en tres anualidades, e con respecto ó primeiro treito está o proxecto feito e irá a licitación nos próximos días por un custe superior no primeiro tramo, de aproximadamente dous quilómetros, a trescentos mil euros”.

Neste momento toma a palabra a Sra. Deputada dona Dolores Castro Ochoa, manifestándolle o Presidente que non está no uso da palabra e que non debe interromper a intervención que se está a producir.

Continúa nas súas manifestacións a señora Deputada dona Dolores Castro Ochoa, e o Sr. Presidente indícalle que debe respectar a intervención da Presidencia; e dado que continúa nas súas manifestacións o Presidente chama á orde por primeira vez, sinalándolle que hai que respectar os turnos de intervención.

Continúa na súa intervención o Sr. Presidente, o seguinte sentido:

“En segundo lugar, chega vostede tarde porque no seu propio concello, no Courel, non ve a viga no seu ollo, e a viga é a estrada da Xunta de Galicia dende Folgoso ata Seoane, esa si que é viga, non é palla como a de Pedrafita. E diso non se preocupa, non vin que vostede levara ningunha iniciativa para pedirlle a Feijóo esa carretera, nin aquí no Pleno, non o vin.

Mire, dende que o Presidente Touriño inaugurou o tramo entre o Alto do Boi e Folgoso de Courel, alá polo ano 2007-2008, o Partido Popular nos últimos doce anos, tres lexislaturas que leva gobernando, non fixo absolutamente nada, non moveu nin un metro cadrado de terra; e encima quere vostede poñerlle os deberes ós demais cando non lle compete, e eu diríalle dende logo que se ocupe do Courel, fale co Sr. Feijóo para que arranxe esa estrada de Folgoso a Seoane de Courel, porque esa tamén é porta de entrada á Ribera Sacra, encima está máis cerca, así que amañen vostedes de Seoane a Folgoso.

A Deputación vai por diante da Xunta, e eu asegúrolle que fará antes o tramo de Pedrafita a Deputación que o tramo de Courel a Xunta, así que aplíquese o conto, fale co señor Feijóo, a ver se o convence para que faga ese tramo entre Folgoso e Seoane que é moito máis necesario que o de Pedrafita. Por tanto eu devólvolle o Rogo por pasiva”.



PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa as instalacións fluviais dependentes da Deputación.

Intervén, para formular a Pregunta, o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Poupular, no seguinte sentido:

“A ver se é tan extenso na resposta ás preguntas como é nos rogos, parece que onte non quedou moi contento do Pleno de Monforte que o ten que vir falar agora aquí, e a verdade é que xa pasadas unhas horas custa escoitalo.

Ante o peche das instalacións fluviais dependentes da Deputación o que vén denunciando o Partido Popular como son as de Augasmestas no concello de Quiroga, pechadas; as instalacións deportivas e recreativas de Portomarín, no concello de Portomarín, cerrado; as instalacións do club náutico de Belesar-Presa no concello de Chantada, cerrado; a cafetería do embarcadoiro Ponte do Sil, no concello de Monforte de Lemos.

Este Grupo pregunta: Ten o goberno provincial algún proxecto, plan, ou previsión para a súa reapertura?. No caso de que teña algunha previsión para a reapertura, que algo falou no seu día nunha moción que trouxemos aquí a señora García de que para o ano 2021 iamolo ter nesa tempada, cal é a situación de cada un deles de cara á súa posta en funcionamento?”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Pódolle asegurar que do Pleno de Monforte quedei moi contento, e ademáis pódolle dicir que “que Deus os conserve”, sigan así”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Efectivamente o goberno si que ten deseñada unha planificación para a apertura destas instalacións que atende en primeiro lugar á regularización da situación de cada unha delas; e en segundo lugar, unha vez feita esa regularización de cada unha delas que, por certo, o Partido Popular puxo en marcha no seu día sen ningún tipo de autorización, e nós dende logo queremos telas todas e cada unha delas dentro da norma, e a medida en que estean incorporadas á normativa irémolas poñendo en marcha. Non se preocupe, señor Castiñeira, que as poñeremos en marcha”.

Seguidamente intervén o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“En todo caso entón pode confirmarnos se van estar abertas no ano 2021 todas esas instalacións antes do inicio da campaña para que non se perda unha campaña máis en todas esas localidades?”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Fai vostede unha afirmación errónea, non se perdeu ningunha campaña en ningunha das localizacións. E repítolle a miña contestación, en canto estean adaptadas á norma irémolas abrindo unha detrás doutra e sen ningún tipo de problema, vostedes abríronas sen ter en conta a normativa vixente”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“De tódolos xeitos, para a súa información, señor Castiñeira, nun vídeo que vin de vostede en que estaba percorrendo os clubs náuticos, nalgúns sitios facía algunha afirmación que non era correcta porque hai algún que non é propiedade da Deputación, pero en todo caso infórmese vostede”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ó orzamento de 2021.

Intervén, para formular a Pregunta, o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Poupular, no seguinte sentido:

“Mediante e-mail directamente dirixido á Presidencia da Deputación, tamén dado a coñecer a través dos medios de comunicación, este grupo solicitou a convocatoria e celebración dunha sesión da Xunta de Voceiros ou da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas para iniciar a tramitación do orzamento para o 2021.

A través dese e-mail trasladamos ao Sr. Presidente a importancia de empezar a traballar de inmediato co resto de grupos políticos provinciais na elaboración dun presuposto para o vindeiro ano, de maneira que se teñan en conta as consecuencias da crise provocada pola Covid-19 e que se procure non deixar atrás a ningún municipio, a ningún colectivo e a ningún veciño da provincia.

E, para elo, solicitamos que, á maior brevidade posible, convoque e se celebre a dita reunión coa finalidade de crear e poñer en marcha unha mesa de traballo na que participen todos os grupos políticos da institución, e digo todos, ese é o ofrecemento do Partido Popular, de cara á elaboración do orzamento de 2021, co obxectivo de impulsar inversións e políticas consensuadas destinadas a facer fronte aos retos derivados da crise económica e social provocada pola Covid-19.

Polo anteriormente exposto, este grupo pregunta:

Ten o goberno provincial fixada algunha data ou determinada algunha previsión para o inicio da tramitación do orzamento para o ano 2021?. De ser así, ten pensado convocar ao Grupo Provincial do Partido Popular, que é o Grupo maioritario máis representativo de tódolos lucenses, para aportar suxerencias para este presuposto e para consensuar inversións e políticas destinadas a facer fronte aos retos derivados da crise económica e social provocada pola Covid-19?. Está nas súas mans ter un apoio unánime neste sentido, sempre e cando deixe participar ó Partido Popular”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Ninguén lle vai prohibir que os apoie.

En relación co primeiro e-mail creo que xa lle contestou a señora voceira dona Pilar García Porto, por tanto iso está xa respostado; e no que se refire á pregunta que acaba de formular vaille dar resposta dona Mayra García”.

Intervén a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Indicarlle que dende o Grupo Provincial Socialista imos facer o mesmo que faga o Presidente da Xunta de Galicia coas consultas precisamente a tódolos Grupos Parlamentarios no que respecta á aprobación do Orzamento”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.